DSpace da Universidade de Santiago de Compostela

http://dspace.usc.es/

Instituto da Lingua Galega

F. Fernández Rei (2002): "Do Ortegal ó Douro e de Fisterra ó Navia e ó Padornelo. Notas sobre léxico moderno da Gallaecia e do seu litoral", en R. Álvarez / F. Dubert / X. Sousa (eds.): *Dialectoloxía e léxico.* Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega / Instituto da Lingua Galega, 147-192.

You are free to to copy, distribute and transmit the work under the following conditions:

- **Attribution** — You must attribute the work in the manner specified by the author or licensor (but not in any way that suggests that they endorse you or your use of the work).
- **Non commercial** — You may not use this work for commercial purposes.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA INSTITUTO DA LINGUA GALEGA

http://ilg.usc.es/

DO ORTEGAL Ó DOURO E DE FISTERRA Ó NAVIA E Ó PADORNELO. NOTAS SOBRE LÉXICO MODERNO DA GALLAECIA E DO SEU LITORAL

Francisco Fernández Rei

Instituto da Lingua Galega. USC

1. A GALLAECIA E A SÚA DELIMITACIÓN

O nome de *Callaecia* documéntase por primeira vez nunha inscrición dedicada a un neto do emperador Augusto encontrada na cidade galaico-romana de Bracara Augusta (a actual Braga). A data desa inscrición sitúase entre o ano 5 a. C. e o ano 4 d. C., e probablemente sexa do ano 3 a. C., o que quere dicir que Galicia fai dous mil anos, que o Museo do Pobo Galego está a celebrar cos encontros anuais agrupados co título *O feito diferencial galego*.

¿Cal é a delimitación xeográfica da Gallaecia? Hai unha Gallaecia altoimperial (a de Augusto) formada por dous conventos ou demarcacións administrativas, o *Lucensis* e o *Bracarensis*. O primeiro, con capital en *Lucus Augusti* (o actual Lugo) comprendería todo o ángulo máis ó NW da Península Ibérica: polo sur lindaría coa ría de Vigo, co río Verdugo, coa serra do Suído e co río Sil, mentres que polo leste estremaría coas serras do Rañadoiro, Ancares e Courel, tendo como liña de demarcación o curso medio e baixo do Navia. A este *Conventus Lucensis* pertencería a maior parte da actual Galicia administrativa, á vez que nel se incluiría a actual zona de Asturias de fala galega.

O *Conventus Bracarensis* ou *Bracaraugustanus*, con capital en Braga, tería como límites ó norte o convento lucense, ó sur o río Douro e ó oeste o Atlántico; e polo leste as serras ourensás de S. Mamede e Queixa e unha liña non ben definida entre o Túa e o Sabor, afluentes do Douro, separaríano do *Conventus Asturicensis* ou *Asturum*, con capital en *Asturica Augusta* (a actual Astorga). Ó convento asturicense pertencerían as terras actualmente galegas de Valdeorras e do Bolo, e posiblemente contra Montefurado (no Sil) estivese a confluencia entre os tres conventos do noroeste ibérico (Arias Vilas 1992: 32).

A zona orixinaria da futura Gallaecia unhas veces formou parte da Lusitania e outras da Tarraconense. No ano 212 o emperador Caracalla creou a Provincia Nova Citerior Antoniniana, separada da Tarraconense, se cadra cos límites dos conventos lucense e bracarense. No ano 305, Diocleciano fixou unha reestructuración administrativa do Imperio, coa que se creou,

entre outras, a Provincia Gallaecia, cunha extensión moito maior polo leste, xa que parece ser que comprendía cidades como Numancia, na actual Soria, e *Cauca* ou Coca, na actual Segovia (Arias Vilas 1992: 14).

A Gallaecia do séc. IV-V, que tiña Braga como capital, segundo López Pereira (1989: 25) abranguería o *Conventus Bracarensis* (antigo núcleo central dos *callaeci*), o *Conventus Lucensis* (asento dun núcleo menor de *callaeci*), o *Conventus Asturiensis* (o dos antigos pobos ástures) e o NO do *Conventus Cluniensis* (con capital en Clunia, a actual Coruña del Conde en Burgos) ó que pertencería o territorio comprendido ata Numancia, seguindo o Douro polo sur. Esta división da Gallaecia en *conventus* documéntase na *Crónica* do galego Hidacio, redactada cara o ano 469.

A Gallaecia que vou ter en conta no meu relatorio vai do Ortegal ó río Douro e de Fisterra a esa "franxa que desce dende a serra do Rañadoiro a morrer no Penedo dos Tres Reinos e que, maiormente, confóndese con toda Galicia pola lingua e a cultura tradicional e, verticalmente, pola unidade dos corazois e de todas as verbas que con eles rimen", tal como Méndez Ferrín (1992: 5) definiu as comarcas veciñas de fala galega da Terra Navia-Eo (Asturias), Os Ancares orientais e O Bierzo occidental (León) e As Portelas (Zamora).

É a Gallaecia altoimperial, á que se engaden terras leonesas, zamoranas e ourensás orientais que pertencían ó *Conventus Asturiensis*, pero que hoxe se engloban no territorio da lingua galega pola conciencia lingüística dos falantes e por seren terras de formas sen ditongo como *pedra* e *horta* e de formas sen *-n-* intervocálico como *irmá*, *pantalois* e *veis*, que permiten actualmente unha delimitación do galego oriental verbo dos falares asturianos e leoneses occidentais, que presentan formas ditongadas (*piedra* e *huerta*) e conservan o *-n-* en voces como *hermana*, *pantalones* e *vienes* (para os criterios lingüísticos delimitadores da fronteira oriental do galego *vid.* Fernández Rei 1990: 18-23; 1991: 114-116).

Antes de tratar da repartición léxica na Gallaecia interior e na costeira, que é o tema do meu relatorio, permítanseme unhas breves consideracións sobre a repartición léxica no ámbito xeral da Romania e en particular nos dominios lingüísticos galego e asturiano.

2. Continuidade e a descontinuidade léxica entre as linguas románicas

2.1. De Fisterra ós Cárpatos

De Fisterra a Trieste e ós Cárpatos pódense delimitar unha serie de linguas e variedades neolatinas baseándose, fundamentalmente, en trazos foné-

ticos e morfolóxicos e, en moi menor medida, en trazos sintácticos. Nunca se ten en conta o léxico na clasificación das linguas e grupos lingüísticos, o que non quere dicir que non haxa léxico propio dunha lingua ou de linguas veciñas; pero tamén hai moito léxico panrománico, aínda que ás veces as formas poden presentar fortes diferencias, sobre todo fonéticas.

2.1.1. O 'inverno' e o 'verán'

A estación máis fría do ano ten unha mesma denominación en tódalas linguas neolatinas. O lat. cl. HĪĔMS 'mala estación, inverno; mal tempo, tempestade' foi substituído en todo o ámbito románico polo lat. vg. HĪBĔRNŬM (abreviación de TĔMPŬS HĪBĔRNŬM 'estación invernal') que deu lugar ás formas *inverno* do galego, que na fase medieval concorre con *iverno*[1], *iviernu* do asturiano[2], *invierno* do castelán, *ivierno* do aragonés[3], *hivern* do catalán e occitano, *hiver* do francés, *inverno* do italiano, *iviern* do romanche engadino, *inviarn* do friulano, *ierru* do sardo e *iarnă* do romanés[4].

Sen embargo a estación máis quente do ano designase popularmente con lexemas diferentes nas linguas neolatinas. Nos estremos da Romania a forma galega *verán* (e asturiano *branu*, castelán *verano*) e a romanesa *vară* son derivados do lat. UĒR 'primavera; primavera da vida', mentres que a forma aragonesa, catalana e occitana *estiu*[5], occitano *estat*[6], francés *été*, italiano *estate*, romanche engadino *sted*, friulano *instat* e sardo *istade* derivan do lat. AESTAS 'verán'.

En galego antigo a estación na que florean as plantas e verdecen os prados designábase co termo *verão*[7], do lat. vg. VĒRĀNU (TĔMPUS), mentres que a

1 *Inverno* documéntase na poesía profana (Pero da Ponte: "Eno *inverno*, sabedes prender / logar cabo de fogo, ao comer") e na prosa (documento de Allariz de 1302: "de que eu ey dauer cada ano çen morauedís e un jantar en *ynverno* e outro en uerao"). Nas *Cantigas de Santa María* hai dous rexistros de *iverno* e un de *inverno*, mentres que nunha cantiga de Johan Baveca se rexistra a forma *invernada* coa significación de invernía, tempo de chuvia (Fernández Rei 2002a).

2 As formas do asturiano estándar están tiradas do *DALLA* (2000).

3 É a forma de Meyer-Lübke (1935: s.v. *hībernus*). En Andolz (1992: s.v. *ibierno*) é a forma do aragonés de Echo e Nobés; pero noutras falas aragonesas hai as formas *iber*, *ibern*, *ibert* (p. 244).

4 A orixe da forma romanesa está no plural neutro (TĔMPŎRĀ) HĪBĔRNĀ.

5 En aragonés *estiu* é propia dos falares de Peralta de la Sal, Ribagorza e Benasque (Andolz 1992: s.v. *estíu* e *verano*).

6 Meyer-Lübke (1935) sinala para o provenzal as formas *estat* e *estiu* nas entradas dos derivados latinos de *aestas, -āte* e *aestīvu*, respectivamente. No occitano languedociano a forma para verán é *estiu* (Alibert 1966: s.v. *estiu*).

7 Documéntase con esa acepción tanto na poesía relixiosa como na profana: "Ben vennas, Mayo / con bõo *verão*" (*Cantigas de Santa Maria*); "Que muito m'eu pago deste *verão* / por estes ramos et por estas flores / e polas aves que cantan d'amores" (Airas Nunes). Tamén hai moita documentación na prosa para *verão* "primavera": "Et daly tornaronse ì para as marismas d'Espanna et ynuernarom hy. Et entrado o *verão* forõse para sua terra" (*Crónica de Casti-*

estación da calor se denominaba *estío*[1] do lat. vg. AESTĪVU (TEMPUS) e tamén *estade*[2], que corresponde á forma clásica AESTATEM, aínda que debe tratarse dun empréstimo occitano[3].

Cando apareceu a forma *primavera* aplicouse ó comezo da estación na que florean os campos e *verão* ó final da 'primavera' e ó comezo da estación do 'verán', mentres que *estío* designou o resto do 'verán' (Lorenzo 1977: s.v. *verão*). O sintagma PRĪMŌ VĒRŌ, que en latín clásico significaba 'no comezo da primavera' e que en textos vulgares se rexistra coa significación 'na primavera' vai concorrer xa en latín vulgar con PRĪMĀ VĒRĀ, con cambio de xénero do neutro UĒR ou con posible xeneralización popular dun plural clásico PRĪMĀ VĒRĀ (Corominas e Pascual 1983: s.v. *verano*). Desta forma vulgar procede a *primavera* galega (e a das outras linguas románicas[4]), que non se documenta no galego medieval[5].

No castelán medieval *verano* equivale a 'primavera' e *estío* era a denominación popular para a estación da calor. Segundo Corominas e Pascual (1980: s.v. *verano*), cando se introduciu *primavera* esta forma era sinónimo de *verano*, mentres que *estío* seguía designando o 'verán'; pero houbo quen reservou *primavera* para o comezo da estación que segue o inverno, consonte co sentido do seu compoñente *prima-*, retrasando o valor de *verano* ós meses de maio, xuño e mesmo máis tarde. Isto explicaría as cinco estacións en *El Quijote* de Cervantes: "[a] la primavera sigue el verano, al verano el estío, al

---

lla); "o *verão* foy entrado en que os prados soen enverdeçer" (*Crónica Troiana*). No *Tratado de albeitaría* hai varios rexistros de *tenpo de verão*: "E demais pois que o cauallo for de jdade ou de mais coma eruas domadas et non domadas no *tenpo de veraao*" (Fernández Rei 2002a).

1 A forma documéntase na poesía profana: "Vi coteifes de gran brio / eno medio do *estio* / estar tremendo sen frio" (Afonso X); "que sempre avedes a morrer en invern 'o[u] en *estio*" (Afonso X); "Ei eu gran viç[o] e grand'alegria / quando mias aves cantan no estio" (Airas Nunes). Na prosa rexístrase *estío* e tamén *tempo do estio*, por ex., na *General Estoria*: "que sal estonçes o*estio* et entra ho outono", "nẽgũa soonbra que elles y dem nõ podem temperar acaentura do *tẽpo do estio*" (Fernández Rei 2002a).

2 *Estade* documéntase nas *Cantigas de Santa María*: "e leytos en que jouvessen / en yvern'e en estade"; "per muitas vezes a Salas / en yvern'e en *estadé*" (Fernández Rei 2002a).

3 En occitano medieval, á parte de *temps d'estieu* e *estiu*, documéntase a forma *estat*: "Tota la *estatz* anava per cortz",V. de Giraud de Borneit. *Vid.* Raynouard (1836-45, s.v. *estat*).

4 A forma *printemps* do francés moderno vén da perífrase PRĪMUM TEMPUS (posiblemente por cruzamento de PRĪMUM VER e PRĪMUM TEMPUS).

5 No corpus do Proxecto de Gramática Histórica da Lingua Galega do ILG a primeira documentación está nun poema das Festas Minervales, de 1697: "E ò mar que fecunda, è rega / A Madre arida, è esteril / Bolvendo a *Primaveira*. / Prantoulle à Vniversidade, / Que è pasmo da misma cienza". En portugués o primeiro rexistro de *primavera* é do séc. XVI, nun texto de Diogo Bernardes: "Não amas Filis já, a quem trazias / Na doce *Primavera* doces frutas, / sinal do gram bem que me querias?". Nas *Décadas* de João de Barro, Diogo de Couto, etc. do séc. XVI rexístrase *verão* para a primeira estación: "O qual curso de todo ano, também como cá se reparte em quatro tempos de Verão, Estio, Autuno e Inverno" (Machado 1995: s.v. *primavera*).

estío el otoño, y al otoño el invierno, y al invierno la primavera y assi torna a andarse el tiempo".

En sardo e en corso *beranu* segue sendo actualmente a forma popular para 'primavera', como o era na fase medieval do galego e do castelán.

2.1.2. A '(man) dereita' e a '(man) esquerda'

Practicamente panrománica é a denominación da man que está no lado contrario do corazón, como se ve no galego *(man) dereita*, asturiano e castelán *(mano) derecha*, catalán *(má) dreta*, francés *(main) droite* e romanés *(mână) dreaptă*. En italiano *(mano) diritta* é forma literaria, pois o normal é *(mano) destra*, mentres que en galego *destro, -a* é forma culta. Nos textos galegos medievais está ben documentado o sintagma *(mão) destra* tanto na poesía como na prosa, ó igual que se documenta *(mão) dereita* en diversas obras en prosa (Lorenzo 1977: s.v. *dereyto* e *destro*). En latín DĔXT(Ĕ)RA designaba a man dereita.

Nas denominacións da man que está do lado do corazón hai un *contínuum* léxico que vai de Galicia a Occitania: galego *esquerda*, asturiano e castelán *izquierda*, aragonés, catalán e occitano *esquerra*[1], cun radical semellante ó euskera *ezker(r)*, probablemente dunha lingua prerromana hispano-pirenaica. Para alá de Occitania hai hoxe formas con radicais tan diversos como o francés *gauche*, de orixe xermánica, e o italiano *sinistra* ou romanés *stângă* de orixe latina[2].

Da forma latina SINISTRA 'man esquerda', de onde procede a forma italiana, provén igualmente a forma galega medieval *sẽestra*, que se documenta na poesía ("mão sẽestra" nas *Cantigas de Santa María*) e na prosa ("aa maão seestra" na *General Estoria*; Lorenzo 1977: s.v. *seestro*); e o mesmo o castelán *siniestra* (*mano*), francés *senestre*...

2.2. De Fisterra ós Picos de Europa

2.2.1. Continuidade léxica entre galego e asturiano

Hai léxico característico do galego que tamén o é do asturiano, con semántica semellante, aínda que as palabras poden ser diferentes por mor da diferente evolución fonética propia de cada idioma. É o caso de substantivos como gal. *bouza* e ast. *boza* (*bouza* no ast. occidental), gal. *colo*[3] e ast. *cuellu* como sinónimos de 'regazo' nas dúas linguas, gal. *pescozo* e ast. *pescuezu*, gal. e

1 En aragonés *esquerra* é forma do benasqués. Noutras falas dise *cucha* para a man esquerda (Aldolz 1992: s.v. *izquierda*, p. 550).

2 O romanés (*mână*) *stângă* e o italiano antigo (*mano*) *stanca*, que en principio significa '(man) cansa' procede, do lat. (MANUM) *STANCAM. *Cf.* Cioranescu (1966, s.v. *stîng (-gă)*).

3 No galego de Asturias, ademais de *colo*, hai a variante palatalizada *collo.*

ast. *zuna* 'teima, manía'; verbos como gal. *esque(n)cer* e ast. *escaecer*[1], gal. *que(n)cer* e ast. *(es)calecer*[2], gal. e ast. *esmorecer*, *refugar* e *xantar*[3]; e adverbios como gal. *arreo*[4] e ast. *(d)arréu*, gal. *daquela* e ast. *daquella*.

Hai léxico propio do galego que á súa vez o é de falas do asturiano occidental, como ocorre con *toxo* (semellante á *árgoma* do asturiano centro-oriental) e *xeito*[5]. Por outra parte, hai léxico característico do galego oriental de Lugo e da Terra Navia-Eo veciña, que tamén o é de todo o asturiano, non só do occidental; é o caso de *aburar* 'queimar' (*aburiar* no ast. occidental e *amburar* no central e oriental), *cuito* 'esterco' e *cuitar* 'estercar' (no ast. central e oriental *cucho* e *cuchar*) e *freita* 'corremento de terra; fendedura no terreo' (no ast. central e oriental *frecha*).

E situación semellante é a de formas como *mércores* (ast. *miércoles*), *venres* (ast. *vienres*) e *xabaril* 'porco bravo'[6], que no caso do galego eran características desta zona oriental pero que hoxe forman parte do galego común. O gal. *xebrar* e o ast. *(di)xebrar* 'separar', de emprego común nos respectivos estándares, eran formas propias do galego oriental e do asturiano occidental.

1 De Luarca ó Eo dise *esqueicer* (Acevedo / Fernández 1932: 101). No *DALLA* (2000) hai entrada para *esquecer*, con remisión a *escaecer*.

2 Esta é tamén a forma do galego de Asturias, onde non hai perda do -L-. Azevedo / Fernández (1932: s.v. *calecer*) din que de Valdés ó Eo se usa *calecer*, que é forma rexistrada máis recentemente en Mántaras-Tapia (Súarez Fernández 1996: s.v. *calecer*) e na Veiga (Fernández Vior 1998: s.v. *calecer*).

3 En galego *xantar* é substantivo e verbo, mentres que en asturiano hai unha forma para o verbo e outra para o susbtantivo: *xantar* e *xanta* (comida do mediodía) no ast. occidental, *xintar* e *xinta* no ast. central e oriental (Neira e Piñeiro 1989: s.v. *yantar*). E idéntica distinción dáse no galego da Terra Navia-Eo, tal como anotaron Azevedo e Fernández (1932: s.v. *xanta* e *xantar*) e máis recentemente Díaz López e García Galano (1996) para A Roda-Tapia e Suárez Fernández (1996) para Mántaras. E o mesmo na Veiga (Fernández Vior 1998), aínda que neste concello en Añides se usa *almorzo* e *almorzar* para *xanta* e *xantar*, de igual xeito que en puntos do leste de Lugo próximos (García 1985: s.v. *almorzar* e *almorzo*).

4 O adverbio *arreo* rexistrouse en puntos da Coruña (García 1985: s.v. *arreo*) e da Terra Navia-Eo, aínda que en Azevedo e Fernández (1932: s.v. *arreo*) non se indica onde se anotou. En Mántaras-Tapia rexistrouse na loc. adv. *(al) arreo de* 'da que, de paso que' (Súarez Fernández 1996: s.v. *arreo de*).

5 No *DALLA* (2000) hai entrada para *xeitu*, con indicación de que é forma occidental, e para *toxu*.

6 En puntos do leste de Lugo dise *xabaril* (na estrema coa Terra Navia-Eo) e *xabarín* (na estrema co Bierzo), que pode concorrer con *porco bravo* (García 1985 s.v. *porco* e *xabaril*). De Valdés ó Eo a forma é *xabaril* (Acevedo e Fernández 1932: s.v. *xabaril*), que na Veiga concorre con *cocho bravo* (Fernández Vior 1998: s.v. *cocho*). No asturiano popular dise *xabalí* ou *xabaril*, con distinción *xabaril* / *xabarila* nalgún falar occidental (Neira e Piñeiro 1989: s.v. *jabalí*). No *DALLA* (2000) as entradas para este animal montés son *xabalín*, *-ina* e *xabaril*, *-ila*; ademais na entrada *gochu* 'porco' figura, entre as expresión fixas, *gochu montés* para 'xabalín'.

2.2.2. Descontinuidade léxica entre galego e asturiano

Hai léxico propio do galego, incluído o da Terra Navia-Eo, que non se rexistra en asturiano, o que explica que non se incluíse no *DALLA* (2000). É o caso de formas galegas como *ameixa*, *freixo*, *maceira* (*maceiro* entre o Navia e o Eo), *pechar* e *pexego* ou *péxego* (*pésigo* de Valdés ó Eo) que se corresponden coas asturianas *nisu*, *fresnu*, *mazaneru* (e *mazanal*, *pumar*), *pesllar* e *piescu* (Andrés 2001: 130; Azevedo e Fernández 1932).

E hai léxico característico do asturiano, inexistente en galego agás nalgún caso en falas da Terra Navia-Eo e nalgunha de Lugo da estrema con Asturias. Entre esas formas tipicamente asturianas, usadas na lingua popular pero tamén en rexistros cultos, ás veces con ampliación de significado, están adxectivos como *sele* 'calmo' e substantivos como *andecha* 'grupo de xente que colabora nun traballo', *cacía* 'vaixela', *llercia*[1] e *llerza* 'medo grande', *seronda* 'outono' (estación) e *árgoma* 'pranta silvestre de flores marelas e pinchos nas ramas'[2]. Esta forma non se documenta no galego oral, nin sequera no da Terra Navia-Eo[3]; pero a *árgoma* como equivalente de toxo e especialmente o verbo *argomar* están en diferentes diccionarios galegos, mesmo nos máis recentes como Estravís (1995) e Xerais (2000)[4].

Verbos propios do asturiano de moito uso literario son, entre outros, *albidrar* e *(en)camentar* 'presentir', *algamar* 'poñerse no sitio de algo ou alguén

1 En Navia de Suarna (Lugo) existe *lercia* (García 1985: s.v. *lercia*), forma recollida por Antón Santamarina, que me informou así mesmo da existencia desa mesma forma en Negueira de Muñiz, tamén na estrema con Asturias. En S. Xorxe de Piquín, tamén no leste de Lugo, dise *lercioso* 'temeroso', en especial aplicado ós "castaños que por su altura y por estar situados al borde de precipicios, infunden temor al que sube a ellos" (Otero 1977: s.v. *lercioso*).

2 Na primeira acepción do *DALLA* é "planta montés del xénero *Ulex* [de flores pequeñes de color mariello, con munchos pinchos]", un tipo de toxo, mentres que na segunda acepción é a *Genista hispanica*, un tipo de xesta. No vocabulario do bable de Somiedo hai entrada para *árguma* "Argoma, planta de la familia de las *fabaceae (luguminosae). Genista hispanica subsp. Occidentalis*" e unha entrada diferente para *toxo* "tojo" (Cano 1982).

3 A forma *árgoma* non figura no material inédito do *ALGa* nin no *Glosario* de García (1985) e tampouco en vocabularios do galego da Terra Navia-Eo (Azevedo e Fernández 1932, Díaz López e García Galano 1996, Fernández Vior 1998 e Suárez Fernández 1996).

4 No incompleto diccionario da RAG publicado entre 1913 e 1928 hai entrada *argoma* (posible erro por *árgoma*), con indicación de que é dunha papeletea do Padre Sobreira: "El tojo según que sirve para *argomar*: es el tojo arnal o bravo"; e entrada e definición semellante aparecerán nos diccionarios de Eladio Rodríguez e Carré. No mesmo diccionario da RAG hai unha entrada *argomar* coa acepción tirada de Sobreira: "Tender el tojo o argoma sobre las paredes o vallados, sin ponerlo en forma de sebe" (que repite Eladio Rodríguez); e logo engádese "bardar. Poner tojos, zarzas, espinos, etc., sobre los vallados, muros o tapias, para impedir la entrada de personas o ganado". O verbo (pero non o substantivo) aparecía no diccionario de Rodríguez (1863) definido como "poner una capa de tojos sobre un muro para tornar el ganado y la gente en tiempo de uvas", acepción que repiten Cuveiro e Valladares (Santamarina 2001).

que vai diante', *(a)tapecer* 'escurecer, facerse de noite', *entamar*[1] 'comezar', *entrugar*[2] 'preguntar', *esbillar*[3] 'quitarlle a folla ó millo ou o ourizo á castaña; escolmar, seleccionar' e *esguilar* 'rubir, trepar'.

E tamén hai léxico característico do asturiano, que se rexistra no galego de Asturias, pero non no de Galicia. É o caso da *fuína* 'garduña' do ast. occidental e central (*h.uína*, con aspiración do F-, no ast. oriental), que na Terra Navia-Eo é *fuíña* na Veiga ou ben *fuina* en Mántaras e *fuína* na Roda, onde ademais ten unha acepción figurada para a persoa ruíña[4].

3. ÁREAS LÉXICAS DA GALLAECIA

Algúns dos mapas fonéticos do vol. I do *ALPI* (1962) permiten apreciar unha distribución de áreas léxicas na Gallaecia. A parte do NO peninsular que terei en conta nos Mapas 1-5 corresponde ó que sería unha visión algo ampliada da Gallaecia altoimperial, xa que abrangue polo sur un territorio algo máis alá do Douro e polo leste inclúo o territorio do astur-leonés occidental (e parte do asturiano central nos Mapas 1 e 2), para mostrar cartograficamente esa continuidade e descontinuidade léxica entre galego e asturiano moderno de que acabo de falar[5].

Ademais, con esta Gallaecia algo ampliada quería incluír todo Trás-os-Montes, que na parte oriental trasmontana ten falares que son astur-leoneses occidentais (221 Rio de Onor e 225 Duas Igrejas), onde as formas léxicas dos mapas analizados, son as leonesas, especialmente en Rio de Onor, e non as galegas (ou portuguesas) de Entre-Douro-e-Minho.

1 En Cedofeita (Ribadeo) existe *entamarse* 'entumecerse' (García 1985: s.v. *entamarse*).

2 Aparece como entrada en Azevedo e Fernández (1932), recollida por Azevedo no sentido de 'preguntar', pero non se indica onde se rexistrou.

3 Azevedo e Fernández (1932) non recollen *esbillar*, pero si o fai Suárez Fernández (1996) que na entrada *esbìyar* dá estas acepcións: "Escoyer [cousas miudas] (bígaros, garbanzos, avellanas). 2. Sacar del arizo [as castañas]. 3. Sacar del babuyo [as fabas, os garbanzos]". Na Fonsagrada existe *esbilar* para referirse a sacarlle as frebas a un óso e, secundariamente, para tirarlle á castaña a segunda pel, segundo información fornecida por A. Santamarina. En García (1985: s.v. *esbilar*) documéntase esta forma en Suarna e Burón (do concello da Fonsagrada) e tamén en Compostela, pero neste caso debe tratarse dunha errata. En S. Xorxe de Piquín *esbilar* dise da acción de quitarlle a casca á noz ou o ourizo da castaña, e tamén de mondar un óso (Otero 1977: s.v. *esbilar*).

4 En Mántaras-Tapia a acepción figurada é "persona ruía y astuta" (Suárez Fernández 1996, s.v. *fuina*) e na Roda-Taìa é "persona solapada y de mala uva" Díaz López e García Galano 1996: s.v. *fuína*). Na Veiga recolleuse a expresión "este è ruin como fuiña" (Fernández Vior 1998: s.v. *fuiña*).

5 Quero deixar constancia do meu agradecemento a Irimia Fernández Álvarez polo tratamento informático dos Mapas 1-5 e 11-14. E tamén o meu agradecemento ás bolseiras do ILG Mónica Martínez Baleirón e Begoña Varela Vázquez pola informatización dos Mapas 6-10.

3.1. Auga / augua / agua

O concepto 'auga' exprésase en tódalas linguas románicas con derivados da mesma forma latina AQUA (lat. vg. ACQUA condenada no Appendix Probi). De Fisterra a Occitania os resultados son moi semellantes, como se ve en galego *auga* / *agua*, asturiano *augua* / *agua*, castelán *agua*, catalán *aigua* e occitano *aiga*; nas outras linguas hai formas próximas á forma orixinaria (italiano *acqua*) ou ben presentan innovacións fonéticas salientables (francés *eau*, friulano *age*, sardo *aba* e romanés *apă*).

No Mapa 1 pode apreciarse que no astur-leonés occidental a forma común é *augua*, que penetra no galego máis oriental (302 Freal-Navia[1] e 323 Cuantas-Ibias na Terra Navia-Eo, 340 O Padornelo-Lubián e 341 Hermisende nas Portelas) e no centro de Galicia (125 Chantada). No norte de Portugal só aparece nun punto, pegado ó Douro (241 Sobrado de Paiva).

A forma máis estendida en galego é *auga*, mesmo na Terra Navia-Eo, pois en 300 Salgueiras-Vilanova de Oscos, 301 As Campas-Castropol e 303 Boal se rexistrou *auga* (e non *augua* do asturiano occidental). A forma *agua* é propia de falas do galego occidental, especialmente da área pontevedresa. En todo o norte de Portugal se rexistra *auga*, que máis alá do Douro chega á zona de Aveiro e Viseu; pero tamén se anotou *água* preto do litoral miñoto e en falares trasmontanos darredor de Vila-Real e Bragança. E as dúas formas, a "galega" *auga* e a "portuguesa" *água* documéntanse no sur do Douro.

A forma *agua*, en principio, parece máis conservadora que *auga*, que se explicaría por metátese do *u*; pero tamén se podería pensar que houbo unha forma xeral *augua*, con propagación do *u* de *agua*, o que explicaría as formas *augua* no territorio da Gallaecia, mentres que *auga* e *agua* serían resultado da disimilación en *augua*[2]. Nos textos galegos medievais documéntase *agua* (e a variante *ágoa*), e tamén hai algunha documentación de *auga*; pero nos séculos XIV-XV foi moi usada a variante *augua*, que xa emprega Pero Meogo no séc. XIII ("o ceruo do monte / a augua uoluya"), tal como sinala Lorenzo (1977: s.v. *agua*), que considera que *augua* é cruce de *agua* + *auga*.

1 No mapa das áreas dialectais do concello de Navia trazado por Babarro (1994: 119), Freal (302 no *ALPI*) pertence á área do galego e non á do galego de transición nin á de asturiano, mentres que Busmente (304 no *ALPI*) é da área asturiana do concello de Villallón, na estrema coa área de galego de transición do mesmo concello (*Ibidem*, p. 123).

2 Segundo Corominas e Pascual (1980: s.v. *agua*) a variante *augua*, tan difundida dialectalmente en leonés e aragonés, presenta propagación do *u* de *agua*; e por disimilación de *augua* procederían as formas *aigua* do catalán e *aiga* do occitano.



Mapa 1: Auga *(fonte:* ALPI*, mapa 10* agua*)*

3.2. Aceiro / aço

O lat. tardío ACIARIUM (derivado do lat. ACIES 'punta'), glosado como FERRUM DURUM, é a orixe das formas para 'aceiro' nas linguas románicas occidentais. Así, galego *aceiro*, asturiano *aceru*, castelán *acero*, aragonés *acer*, catalán *(a)cer*, occitano e francés *acier*, italiano *acciaio*, sardo *ataru* e friulano *atsar*. A forma romanesa *oţel* é de orixe eslava.

No Mapa 2 vese que a forma do norte do Miño e do astur-leonés occidental é *aceiro* (*aceru* no asturiano central e castelanismo *acero* en 303 Boal); pero do Miño e a raia seca ourensá cara ó sur a forma é *aço*, que é a forma común en portugués, con retroformación na forma antiga *aceiro*. A forma portuguesa *aço*, pero sen seseo, rexistrouse en 138 Arbo, punto galego pegado ó Miño.

Nos falares leoneses de Trás-os-Montes anotouse a forma galega e astur-leonesa occidental *aceiro*, con seseo, en 221 Rio de Onor, mentres que en 225 Duas Igrejas (na Terra de Miranda) o rexistrado foi *aço*.



Mapa 2: Aceiro *(fonte:* ALPI*, mapa 9* acero*)*

3.3. Nu / espido / despido

En lat. cl. 'espido' dicíase NŪDUS, de onde proceden formas da Romania occidental como galego, catalán, francés e sardo logudorés *nu*, occitano e friulano *nut* e italiano *nudo* (e castelán *desnudo*). En romanés a forma latina foi substuída polo eslavismo *gol*.

En lat. cl. coexistían os verbos NŪDARE e DENŪDARE, derivados de NŪDUS, sendo algo máis frecuente o primeiro, que só sobreviviu no francés antigo *nuer* e no italiano *nudare*. De DENŪDARE procede o portugués *desnuar*, que xa se documenta no séc. XV, o antigo occitano *de(s)nudar*, o francés *dénuer* e o italiano *snudare* (*la spada*, por ex.). Este verbo sufriu a concorrencia

victoriosa de formas como DESPOLIARE, que deixou derivados en case toda a Romania[1], EXPEDĪRE (galego *espir*, portugués *despir*, occitano languedociano *espezi*) ou diversas formacións máis modernas que son a base do francés *déshabiller*, galego *desvestir* e it. *svestire*, entre outras. Unicamente en castelán se conservou DENŪDARE con plena vitalidade mercé á combinación con *desnudo*, que desde as orixes do idioma substituíu a *nudo*, sen restos populares en castelán (Corominas e Pascual 1980: s.v. *desnudar*).



Mapa 3: Espido *(fonte:* ALPI*, mapa 66* desnudo*)*

A forma *nu* do gal. literario moderno era normal en gal. antigo, fase na que tamén se rexistra *desnuu*, *desnuo* (do arcaico *nuu*), formado sobre *desnuar*. A partir do séc. XV xa se documenta *desnudo* (Lorenzo 1977: s.v. *desnuu*).

No Mapa 3 vese que a forma antiga *nu* é xeral nas falas trasmontanas, como tamén o é nas miñotas, aínda que na zona costeira de Entre-Douro-e-

1 Deste verbo procede o romanés *despoia*, italiano *spogliare*, sardo logudorés *ispodzare*, romanche engadino *spoglier*, friulano *spoyá*, francés *dépouiller*, occitano *despolhar*, catalán *despullar*, castelán (> portugués) *despojar* (Meyer-Lübke 1935: s.v. *despoliare*).

Minho hai puntos onde concorren o arcaico *nu* e o moderno *despido* (e *espido* nunha fala miñota interior). Nas falas galegas non se rexistra nunca *nu*, senón a innovación *(d)espido*, participio de *(d)espir*. A forma *espido* debeu ser xeral en galego, a xulgar pola súa distribución xeográfica: norte da área mindoniense, Terra Navia-Eo, As Portelas (en 341 O Padornelo concorre con *desnudo*), galego ourensán e puntos espallados do galego pontevedrés, na costa e no interior). A forma *despido* rexistrouse, fundamentalmente, en falares coruñeses e lucenses, agás na maioría dos da área mindoniense.

O castelanismo *desnudo* desprazou a forma galega *espido* (e a posterior *despido*) en puntos do galego occidental. En puntos da franxa exterior do galego tamén se rexistra *desnudo* (302 Freal-Navia, 303 Boal, 324 Ponte de Rei-Vilafranca e 333 Castroquilame-A Ponte de D. Flórez) e o mesmo en 147 Rubiá-Ourense, na raia co Bierzo. Esta forma podería explicarse por propagación da forma *desnudo* do astur-leonés occidental ou ben por cruce do antigo *desnuo* e a forma castelá e astur-leonesa *desnudo*. E nos dous falares leoneses de Trás-os-Montes (221 Rio de Onor e 225 Duas Igrejas) *desnudo* foi a forma rexistrada.

3.4. Aguillón / ferrón / ferrete / pico

A puga que teñen algúns insectos na parte terminal do abdome e que usan como arma defensiva ou ofensiva denominábase ACULEUS en lat. cl. Dunha forma do lat. vg. *AQUILEONE procede o galego *aguillón*, asturiano *aguiyón*, castelán *aguijón*, catalán *agulló*, occitano *agulhon*, francés *aiguillon* e antigo italiano *aguglione*[1], mentres que a forma romanesa *ac* vén do lat. ACU que, en principio, significa 'agulla' e 'alfinete'. Tamén se chama *aguillón* a punta ou pico de ferro da *aguillada*[2], vara longa para afala-los bois ou as vacas.

No Mapa 4 pode apreciarse que en galego é xeral *aguillón*, que en puntos do galego occidental e central foi substituído por *ferrón* ou *ferrete*[3], derivados de ferro. No galego oriental hai unha pequena área coa forma *pico* no galego do Bierzo, que continúa cara ó centro de Ourense. E na Terra Navia-Eo

1 En italiano dise popularmente *pungiglione* (un derivado do lat. *PUNGELLUS 'pincho'), pero tamén existe o cultismo *aculeo*.

2 Procede do lat. vg. *AQUILEATA, abreviación de PERTICA *AQUILEATA ou ACULEATA 'bastón provisto de aguillón', que á súa vez deriva de ACULEUS 'aguillón' (Corominas e Pascual 1980: s.v. *aguijada*).

3 Hoxe *ferrón* (ou *ferrete*) tamén designa a lingua bífida dunha cobra cando ataca ou se defende; é o caso de *ferrón* no galego de Cambados.

concorren *pincho* e *aguillón*[1] en 323 Cuantas-Ibias, mentres que en 302 Freal--Navia se rexistrou *guiyón* como no asturiano occidental.

Mapa 4: Aguillón *(fonte:* ALPI*, mapa 11* aguijón de la abeja*)*

Nas falas miñotas e trasmontanas o xeral é *ferrão* (e a variante *ferrete* nalgún punto), con algún resto espallado de *aguillón*. Nas falas leonesas de Trás--os-Montes rexistrouse en 221 Rio de Onor *guillón*, que é a forma xeral do astur-leonés occidental, mentres que en 225 Duas Igrejas a forma documentada foi a portuguesa *ferrão*.

1 Nun punto pontevedrés arraiano a forma rexistrada foi *[x]arrote*. Nos falares astur-leoneses as formas teñen o mesmo radical có galego *aguillón*, xunto con formas minoritarias como *lubreiro*, *obleiro* do asturiano e outras como *pico* ou *gabilán* na raia de Zamora con Portugal.

3.5. Coitelo, faca

Do lat. CULTELLUM 'coitelo pequeno' (diminutivo de CULTER 'toda especie de coitelo' e en particular a 'rella do arado') procede galego *coitelo*, asturiano *cuchiellu*, castelán *cuchillo*, catalán *coltell*, occitano *coltel*, francés *couteau* e italiano *coltello*. A forma romanesa *cuțit* é latina, pero derivada de *COTIRE 'afiar'.



Mapa 5: Coitelo *(fonte:* ALPI*, mapa 58* cuchillo*)*

No Mapa 5 vese que en galego se di *coitelo* (e variantes), que en 302 Freal--Navia e nos dous puntos galego do Bierzo do *ALPI* (324 Ponte de Rei--Vilafranca e 333 Castroquilame-A Ponte de D. Flórez) e nalgúns puntos do galego interior foi desprazado polo castelanismo *cuchillo*, ou ben polo híbrido

cochilo (cruce de *coitelo* e *cuchillo*) en 127 San Clodio ou por *cuchilo*, que en 143 Rubiá concorre coa forma galega.

Nos falares miñotos e trasmontanos a forma é *faca* (ou a variante *fáquia*), que nalgúns puntos coexiste con *cutelo* (e variantes fonéticas). Nas falas leonesas de Trás-os-Montes rexistrouse *cuchielu* en 221 Rio de Onor, parcialmente semellante a formas como *cuchiellu* e *cuchietsu* do astur-leonés occidental, mentres que en 225 Duas Igrejas a forma anotada foi *faca*.

A voz portuguesa *faca* equivale ó galego 'coitelo', mentres que *cutelo* designa unicamente un sable curto ou varias especies particulares de coitelo. A forma castelá *faca*, que probablemente se tomou do portugués, designa un coitelo grande, con punta e gume moi cortantes e forma levemente arqueada. É vocábulo sobre todo andaluz, estremeño e salmantino; pero fronte á andaluza, a *faca* portuguesa pode non ter punta, só gume, á vez que pode designar instrumentos parecidos, como é no Barroso trasmontano (próximo ó Couto Mixto ourensán) a lámina de ferro que fai de punteiro do reloxio de sol (Corominas e Pascual 1980: s.v. *faca*).

En galego a *faca*, que xa se documenta en Sarmiento en 1745 como 'navalla', especialmente a que é algo curva, defínese no diccionario da RAG (1997) como "tipo de navalla de tamaño considerable, co cabo do corno e a cota recta ou algo curvada cara a abaixo" e no Xerais (2000) como "navalla de folla curvada e grandes dimensións".

4. A SEMANA E AS ESTACIÓNS EN GALEGO MODERNO

Neste capítulo voume centrar, fundamentalmente, no comentario de mapas do *ALGa*, con referencias ó portugués e ás outras linguas ibéricas tiradas de diverso material bibliográfico. Nos cuestionarios con material inédito do *ALPI* relativo ó norte de Portugal, depositados no ILG, non hai preguntas dos días da semana nin das estacións cos que poder completa-la información da Gallaecia, o que tampouco foi posible co material inédito dos puntos miñotos e trasmontanos do futuro *Atlas Lingüístico de Portugal* por non figuraren preguntas relativas ó tempo cronolóxico, polo menos, na primeira fase dos inquéritos xa finalizada.

4.1. Días da semana

4.1.1. Designacións pagás

No galego oral as principais formas para o primeiro día da semana (Mapa 6) son a oriental *luis* ~ *lluis*[1], a central *lus* e a occidental e estándar *luns*. Cando

1 No *ALGa* rexistrouse *lluis* en A.1 Calvario de Salave e A.4 Boal. Acevedo e Fernández (1932: s.v. *lúis*) din que os vellos de Navia a Tapia usan *lúis*, mentres que de Tapia ó Eo se usa *lús*.

se recolleu o material do *ALGa* nos anos 1974-76 o castelanismo *lunes* era xeral en falas orientais, igual que en moitos puntos do galego central, non sendo descoñecido do galego occidental. Cando concorría o castelanismo coas formas patrimoniais *luis*, *lus* e *luns*, en xeral estas eran consideradas como formas anticuadas.



Mapa 6: Luns *(fonte:* ALGa IV*, mapa 32)*

Para o terceiro día da semana (Mapa 7) a forma xeral recollida no *ALGa* é o castelanismo *miércoles*, con algunha mostra do patrimonial (e actual forma estándar) *mércores* no leste de Lugo (L.23 Rao-Navia de Suarna e L.29 Lama--Cervantes) e no Bierzo (Le.3 Cadafresnas-Corullón). En varios puntos espallados na provincia de Lugo, nun de Asturias e en dous da área fisterrá

Recentemente aínda se rexistrou *lúis* na Veiga (Fernández Vior 1998) e en Mántaras-Tapia (Suárez Fernández) e a forma palatalizada *llúis* na Roda-Tapia (Díaz López e García Galano 1996).

rexistrouse *mércoles*, que podería ser, especialmente en puntos orientais, evolución de *mércores*, máis que galeguización da forma castelá[1].



Mapa 7: Mércores *(fonte:* ALGa IV*, mapa 34)*

Para o cuarto día da semana (Mapa 8) a forma hoxe estándar *xoves* só se rexistrou na área mindoniense, en puntos de Lugo alleos a esta área e nalgúns puntos da Terra Navia-Eo[2], mentres que *venres*, forma do galego están-

1 Acevedo e Fernández (1932: s.v. *mércoles*) indican que *mércoles* é usada polos vellos de Valdés ó Eo. Estes autores recolleron o cantar "Llúis, martes y mércoles, tres; xoves y venres y sábado, seis", onde aparecen, ademais, as formas patrimoniais *xoves* e *venres*. Fernández Vior (1998) recolleu *mércores* na Veiga, xeralmente substituído polo castelanismo *miércoles* e *mércores* foi tamén a forma rexistrada na Roda-Tapia por Díaz López e García Galano (1996), mentres que Suárez Fernández (1996) en Mántaras-Tapia recolleu *mércoles*.

2 Na Veiga úsase actualmente o castelanismo *jueves*, e só en Abres un informante lembra terlle oído a forma *xoves* a algúns vellos (Fernández Vior 1998: s.v. *xoves*). No concello de Tapia recolleron a forma *xoves* Fernández Suárez (1996) en Mántaras e Díaz López e García Galano (1996) na Roda.

dar para o quinto día da semana (Mapa 9), é forma exclusiva do galego oriental, onde forma unha área que vai da Mariña lucense e asturiana[1] ó Bierzo. Os castelanismos *jueves* (adaptado foneticamente como *xueves* en C.25 e C.28) e *viernes* eran as formas máis usadas no galego popular, rexistrándose por todo o dominio do galego. A forma *vernes* anotada en puntos do galego oriental e nalgúns occidentais[2], como no caso de *mércoles*, podería ser evolución de *venres* máis que adaptación do castelanismo, especialmente na conservadora zona oriental.



Mapa 8: Xoves *(fonte:* ALGa IV*, mapa 35)*

1 Na Veiga a forma *venres* foi substituída polo castelanismo *viernes* (Fernández Vior 1998: s.v. *vènres*). Fernández Suárez (1996) recolleu *venres* en Mántaras-Tapia.
2 Nos puntos fisterráns C.38 e C.43 coinciden *mércoles* e *vernes*.



Mapa 9: Venres *(fonte:* ALGa IV*, mapa 36)*

4.1.2. Designacións cristiás con *feira*

A Igrexa cristiá pretendeu suprimi-las designaciones pagás dos días da semana, baseadas nos nomes dos planetas, polo que estendeu nas comunidades cristiás o emprego numeral que ten como base o sábado. A partir do séc. II os grupos de cristiáns procuran independizarse do rito xudeu, polo que se abandona cada vez máis a festa do sábado, que se substitúe polo día seguinte como festa do Señor. Isto vai favorecer nos países occidentais un novo sistema do tipo *sabbatus*, *dies dominica*, *secunda sabbati*, *tertia sabbati*, etc., e pouco a pouco o *secunda sabbati* irá perdendo terreo ante unha nova designación oficial, SECUNDA FEIRA.

No séc. IV houbo unha forte campaña por parte da Igrexa para que se adoptasen as formas cristiás e se rexeitasen os nomes pagáns, entre os que

participou Santo Agostiño, que pide que se diga 'cuarto sábado' ou 'cuarta feira' no canto do 'día de Mercurio' dos pagáns e de moitos cristiáns[1]:

> Quarta sabbatorum, quarta feria, qui Mercurii dies dicitur a paganis et a multis Christianis, sed nollemus atque utinam corrigan etnon dicant sic...

Por outra parte, Caesarius, bispo de Arles, fai unha exhortación para que se eviten as denominacións pagás por considerar que os nomes dos planetas eran *sordidissima nomina*. Pero esa loita da Igrexa a favor de usar ordinais fracasou, agás no portugués moderno e no grego do sur de Italia.

En lat. cl. FERIAE, -ARUM designaba os días en que se suspendía o traballo por seren feriados, e ata o séc. III tamén se usaba en singular FERIA con sentido semellante. Os primeiros cristiáns poida que adoptasen este termo para indicar unha festividade relixiosa ou civil, distinta do día dedicado a Deus, e que implicaba non ir a traballar. De aquí FERIA evolucionou semanticamente para designar un día feriado que non cae en domingo (francés *foire*, catalán *fira*, etc.); ou ben, ó se referir FERIA á festa que non cae en domingo, entre os primeiros cristiáns vai ter unha significación de 'non domingo' e, xa que logo, 'día de traballo', co que FERIA vai reemprazar a SABBATI: FERIA SECUNDA ou SECUNDA FERIA.

En portugués triunfaron plenamente as formas *segunda feira* 'luns', *terça feira* 'martes', etc., aínda que actualmente se van impoñendo na lingua falada as formas reducidas *segunda*, *terça*, etc., con perda do substantivo *feira*. Actualmente rexístranse por tódalas partes como variantes libres as formas *segunda feira* ou *segunda*, *terça feira* ou *terça* (*ALI*R 1996: 39), mentres que en galego o sistema cristián de feiras é un sistema incompleto, lembrado pola xente (moi) maior máis que usado, e especialmente nos casos da *cuarta* / *corta* e da *quinta* feiras[2].

Polo que respecta ós datos do *ALGa*, para o luns só se anotou *segunda feira* en tres puntos moi afastados xeograficamente, P.32 Vilachán-Tomiño no Baixo Miño, L.14 Cospeito na Terra Cha e O.28 Calvos de Randín na raia con Trás-os-Montes. Nestes mesmos puntos tamén se anotaron nomes con 'feira' para o martes (*terceira feira* en P.32 e L.14, *tercia feira* en L.14), xunto con *primeira feira* en P.32 e L.14 para o domingo, pero non en O.28.

Moito máis documentadas están *cuarta feira* (13 puntos dos 167 da rede do *ALGa*), *corta feira* (27 puntos) e *carta feira* (7 puntos) para o mércores e

1 A cita e estas notas sobre as designacións cristiás dos días da semana en lat. vg. están tiradas de *ALI*R (1996: 38-40). A cita figura na p. 39.

2 No *Coloquio de vintecatro galegos rústicos* o Padre Sarmiento emprega as formas *luns*, *terça feria*, *corta feira*, *quinta feira*, *sexta feira* e *sábado*; o feito de que use *luns* e *corta feira* (e non *segunda feira* e *cuarta feira*) faime pensar que Sarmiento non acode ó portugués, senón que usa denominacións que no séc. XVIII debían ser xerais, poida que en Pontevedra e arredores.

quinta feira (33 puntos) para o xoves, que nalgúns puntos poden aparecer sen o substantivo nas formas *cuarta* (6 puntos) ou *corta* (4 puntos) e *quinta* (9 puntos). Á parte das formas rexistradas na Terra Cha e no norte de Lugo, a denominación con *feira* para mércores e xoves anotouse, sobre todo, no occidente de Ourense e en localidades das dioceses de Santiago e Tui-Vigo. Xeralmente a forma usual, mesmo na xente maior, eran os castelanismos *miércoles* e *jueves*, pero nalgún punto do galego meridional *quinta*, por ex., foi a única rexistrada.

Nas entradas correspondentes a *luns*, *martes*, *mércores*, *xoves* e *venres* (e entre as acepcións da entrada *feira*) dos diccionarios galegos, as formas estándares minoritarias no galego oral teñen sempre como sinónimo os termos con *feira*, con algunhas variantes nos adxectivos das formas con *feira* para martes e mércores (Fernández Rei 2002b). A observación final da entrada *feira* do RAG (1997) reflicte axeitadamente a realidade do galego oral respecto do uso dos nomes non pagáns dos días da semana:

> O sistema de denominación dos días da semana por feiras, de orixe cristiá, convive na fala en situación de desvantaxe fronte ó sistema máis común, de orixe pagá: a 2ª e 3ª feiras están case en desuso e as outras van cedendo paso tamén á denominación pagá, cada vez máis estendida.

4.2. O circo do ano

Se *oçirco do ãno* medieval da *General Estoria* tiña catro estacións (*verão*, *estío*, *outono* e *inverno*), no galego moderno tamén hai catro estacións astronómicas, tal como recollen tódolos modernos diccionarios monolingües galegos: *primavera*, *verán* (e o sinónimo literario *estío*), *outono* e *inverno*[1].

4.2.1. O tempo da calor e o tempo do frío

No galego oral hai dúas estacións inequivocamente populares, o *verán*, tempo da calor, que se asocia con xullo e, fundamentalmente, con agosto; e o *inverno*, tempo do frío, que comeza en outubro, cando non en setembro, e que pode durar moitos meses. Entre o *inverno* e o *verán* adoita haber momentos indeterminados de temperatura agradable e de relativo bo tempo, especialmente cando florean os campos e cando comezan a cae-las follas. Son os días das *primaveras* que preceden o *verán* e o *inverno*.

O termo *primavera* é xeral en todo o dominio lingüístico para a estación que está entre o inverno e o verán (*ALGa IV*: mapa 121). Rexistrouse tamén *primaveira* en 33 puntos espallados por todo o territorio como única forma ou en concorrencia con *primavera*, sendo esta a habitual nos casos de conco-

1 Neste apartado sigo, fundamentalmente, o redactado sobre as estacións en galego en dous traballos xa citados que previsiblemente se editen no 2002 (Fernández Rei 2002a, 2002b).

rreren. Outra forma popular rexistrada foi *primadera* no occidente da Coruña e nalgún punto de Lugo. Nalgúns puntos do galego centro-oriental para esta estación úsase unha perífrase con *primave(i)ra*. Así, en O.9 Robledo--Carballeda a única forma documentada foi *primavera de vrao* e en L.27 Ouselle-Becerreá *primave(i)ra de abril*, mentres que en L.20 Friol se anotou *primavera* e *primavera de vrao*[1].

Para 'verán' o xeral no galego oral son as formas sincopadas *vran* no galego occidental, *vrao* (ou *vrau*) no centro-oriental e *vra* (e *vran*) na zona de Ferrol (*ALGa IV*: mapa 122). O castelanismo *verano* (e variante *vrano*) rexístrase especialmente no galego da franxa exterior, pero non é descoñecido no galego atlántico. A forma estándar *verán* só se rexistrou como única forma en C.18 Sísamo-Carballo e en C.48 Cabo de Crus-Boiro, e en concorrencia con *vran* en C.42 Cacheiras-Teo e P.28 Sela-Arbo[2].

A forma *inverno* é xeral en todo o dominio do galego, co castelanismo *invierno* nalgún punto do galego da franxa exterior[3]. En Z.1 Porto rexistrouse *invernía*, que noutros puntos do *ALGa* equivale a un tempo de chuvias seguidas e frío, de igual xeito que hai lugares onde a forma *inverno* tamén se usa como sinónimo de 'invernada, invernía'. A nivel popular o inverno son sempre moitos máis meses cós tres considerados polos astrónomos; así, en C.31 Deixebre-Oroso anotouse que o *inverno* vai de outubro a abril e en P.25 Guillade-Ponteares rexistrouse que o *inverno* comeza a finais de outubro e comezos de novembro. En Cambados hai o dito "despois da Peregrina, inverno encima", para se referir ó fresco no serán e nas noites da segunda quincena de agosto, que indica que o verán está acabando e que se achega o 'inverno'.

4.2.2. A indeterminada estación outonal

Tanto en galego como noutros dominios lingüísticos o outono é a máis indefinida de tódalas estacións, o que explica a presencia de moi diferentes lexemas para a súa denominación. Nas linguas románicas ibéricas uns termos relaciónanse coa colleita de froitos serodios ou tardíos, como o asturiano *seronda* e variantes *seruenda* e *seroñu* (Neira e Piñeiro 1989: s.v. *seronda*) e o

1 No *Glosario* de García (1985: s.v. *primaveira*) documéntanse 14 *primaveiras*, espalladas polo dominio do galego e outras 14 *primaveras*, unha *primadera* en Toba-Cee, na Costa da Morte, e unha *primaveira de S. Joán* para 'primavera' en Pereiramá, no centro de Lugo.

2 A forma *verao* (ou variante *verau*) anotouse en C.36 Outeiro-Santiso, L.36 A Barrela-Carballedo, L.38 Nogueira-Ribas de Sil, O.2 Ponte Brués-Boborás, O.10 San Cristovo-Ridadavia e P.11 Dozón, mentres que en L.35 A Pobra do Brollón, O.6 San Amaro e O.27 Baltar *verao* concorre con *vrao* (ou *vrau*).

3 En A.7 e Le.1 só se rexistrou *invierno*, mentres que en A.4 esta forma concorre con *inverno*. No caso de Le.5 *invierno* é a forma agardada, porque neste punto máis leonés ca galego é xeral a ditongación.

catalán *tardor* (Coromines 1988: s.v. *tardor*), mentres que outros posiblemente se relacionen co mes de 'agosto' como aragonés *agüerro*[1] (e o gascón *agor*, *abor*), igual que o euskera *agor* 'setembro' (Corominas e Pascual 1983: s.v. *verano*). Igual que en aragonés tamén existen formas relacionadas con 'tarde': *tardagó*, *tardaó* e *tardío* (Andolz 1992: s.v. *otoño*).

En euskera a forma máis empregada para 'outono' é *udazken*, en principio 'fin do verán', xunto con outras menos estendidas igualmente relacionadas coa estación da calor (*udagoien* 'verán tardío', *udondo* e *udaraitze* 'despois do verán'). Outras veces o 'outono' relaciónase co 'inverno' (*negulehen* e *neguaitzin* 'pre-inverno', *neguantz* 'semellante ó inverno'), cos pastos (*larrazken* 'fin do pasto', *ihartze* 'seca dos vexetais') ou coa idea de 'escaseza' nos termos con *urri* 'escaso' (denominación ademais para o mes de outubro), como *urriaro* 'estación da escaseza' e *urrite* 'tempo da escaseza' (Knörr 1999: 187).

Nalgunhas linguas románicas as formas para 'outono' son cultismos ou semicultismos, como o catalán *autumne*, o italiano *autunno* (*utonno* é forma arcaica) ou o sardo *attunzu*, mentres que en galego a forma *outono* (do lat. AUTUMNU) é un popularismo, como tamén o é *toamnă* do romanés e *utuon* do romanche engadino. De tódolos xeitos, cómpre ter en conta que no galego popular *outono* non designa a estación propiamente dita, senón máis ben o mes de outubro[2].

Cando se recolleu o material do *ALGa*, nos puntos do litoral costeiro e zona próxima, así como nos puntos arraianos con Portugal o xeral era o emprego do castelanismo *otoño* para a estación e o da forma *octubre* (e variante *outubre*) para o décimo mes do ano (Mapa 10); e caso de conservarse *outono* neses puntos designaba a herba que se sega verde (O.27 Baltar, onde o mes se chama *san Miguel*) ou a herba que se sega en setembro (A.2 Coaña)[3]. No resto do dominio galego o xeral era o uso da forma *outono* para a estación, pero tamén en moitos puntos para o mes de outubro, e mesmo nalgún lugar se anotou como herba que nace a finais de verán[4]. De concorreren *outono* e *otoño* para a estación, o termo máis frecuente era o castelanismo.

1 *Agüerro* rexístrase en benasqués (catalán aragonesizado ou aragonés catalanizado) e nas falas aragonesas de Bielsa e Chistau. Neste concorre co derivado *agorrada* (Andolz 1992: s.v. *otoño*).

2 En friulano dise *mes di tom* 'outubro' e *mes di tomuts* 'novembro' (Meyer-Lübke 1930: s.v. *autumnus*). En galego tamén existe *outonín* e *outoniño* para o mes de novembro nunha pequena área do centro-sur de Lugo.

3 En L.8 Trabada non é *outono* senón *outonía* a "herba que dan os prados en outubro despois da herba seca". Na zona do galego de Asturias, en Mántaras-Tapia *el outono* é a "primeira herba que sal despóis de segar el herba seca" e tamén a estación que vén despois do verán, mentres que *outubre* é o décimo mes do ano (Suárez Fernández 1996: 128). Na Roda-Tapia *outono* é estación do ano, pero tamén é sinónimo de *outonada* "hierba que producen los prados después de segar la destinada a heno" (Díaz López e García Galano 1996: 155).

4 Este é o caso de L.33 Ferrería do Incio, onde tamén se usa o termo *routono* para esa herba.

En Z.1 Porto rexistrouse o castelanismo *otoñada* para 'outono', igual que se dicía *invernía* para 'inverno'. En O.20 Xinzo de Limia recolleuse *outonada* xunto co castelanismo *otoño*. En C.31 Deixebre-Oroso rexistrouse *inverno* para 'outono', pois segundo o informante o *inverno* vai do mes de *outono* 'outubro' ó de abril, e despois xa se considera que é verán.



Mapa 10: Outono *(fonte:* ALGa IV*, mapa 53)*

4.2.3. A primavera de outono e o verán de san Martiño

Na zona centro-oriental do dominio lingüístico galego onde *outono* designa a estación, en doce puntos recolleuse a perífrase *primavera de outono*

como única forma para a estación[1], en once puntos anotouse a perífrase en concorrencia con *outono*[2] e nun punto (O.24 A Mezquita) recolleuse *segunda primaveira* xunto co castelanismo *otoño*, mentres que para o mes de outubro a forma usada era *outono* na maioría dos puntos do *ALGa*[3]. García (1985 s.v. *primabeira*) documenta para a estación a perífrase *primavera de outono* en Monterroso (Lugo) e *primaveira de outono* en Pereiramá (Lugo) e Montederramo (Ourense).

Polo que respecta á duración cronolóxica desta *primavera de outono* hai diverxencias no material recollido para o *ALGa*. En C.26 Mezonzo-Vilasantar anotouse que vai do 20 de setembro ó mes de decembro e en L.20 Friol recolleuse que é a estación que vén despois do verán e precede ó inverno, mentres que en P.10 Forcarei se rexistrou que é a época na que caen as follas das árbores e en L.37 Outeiro-Quiroga recolleuse que chega ó 21 de novembro, incluíndo o *vrao de san Martín*. En C.40 Novefontes-Touro anotouse que vai desde setembro ó San Martiño, e algo semellante en L.11 Goiriz-Vilalba e en L.36 A Barrela-Carballedo onde a *primavera de outono* se di fundamentalmente de outubro. Por outra parte, en O.5 Abelenda-Avión anotouse que no mes de *outono* 'outubro' hai a *primavera de outono*, distinta do *vrau de san Martiño*, que corresponde ó mes de *santos* 'novembro'.

No galego central, onde o clima non é tan chuvioso como no occidental nin o inverno tan rigoroso como nas serras orientais, debe haber outros lugares como O Caritel (parroquia de San Pedro de Froián do concello lugués de Sarria) onde actualmente se di *primavera de vrao* para a estación despois do inverno en que florean os campos e *primavera de outono* para unha franxa indeterminada de tempo na que cae a folla[4], que coincide cos meses de setembro e de outubro (no Caritel *outono*), quedando fóra o mes de novembro (no Caritel *mes morto*). En Lamas (parroquia de Pardesoa do concello pontevedrés de Forcarei) a *primavera*, á parte da época en que reverde-

1 Recolleuse en C.26 Mezonzo-Vilasantar, C.40 Novefontes-Touro, L.7 Muras, L.27 Ouselle-Becerreá, L.34 Bóveda, L.37 Outeiro-Quiroga, L.39 Pacios-Sober, O.1 Cea, O.9 Robledo-Carballeda, O.16 Allariz, P.7 Santiso-Lalín e Le.3 Cadafresnas-Corullón.

2 Recolleuse en L.11 Goiriz-Vilalba, L.18 Viladonga-Castro de Rei, L.20 Friol, L.26 A Pobra de San Xulián-Láncara, L.36 A Barrela-Carballedo, O.2 Ponte Brués-Boborás, O.5 Abelenda-Avión, P.2 Agolada, P.8 Rodeiro, P.9 Saiáns-Moraña e P.10 Forcarei.

3 En C.26, P.2 e P.9 concorren a forma galega *outono* e o castelanismo *octubre*; en O.24 e Le.3 só se rexistrou *outubre* e en L.7 e L.37 só *octubre*, que en O.9 concorre con *Santos*.

4 *Cf.* o termo *fall* 'outono' do antigo inglés e do actual inglés americano, que é tamén o verbo 'caer', mentres que o *spring* 'primavera' en inglés é a mesma forma que significa 'abrollar' referido ás plantas ou á auga.

cen os campos por abril e maio, son tamén os días entre o verán e o inverno en que chove, pero en que aínda fai certa calor[1].

No que respecta á lingua literaria na Base Lexicográfica do ILG, con material de Sarmiento á actualidade, só achei a *primave(i)ra de outono* en dous escritores lucenses, Dino Pacio Lindín e Xosé Miranda[2]. Pacio Lindín, da Pastoriza, ten varios rexistros desa perífrase no breve relato "O outono" da obra *Terra húmeda* (1979): "¡A terra húmeda da primaveira de outono é un portento de fertilidade polo inverno adiante!"; "a primaveira do outono non tén que ver co pó seco nin coas froles mortas: ten que ver coa sementeira e co eterno voltar". Miranda, de Lugo, úsao unha vez en *O demo á orella* (1996): "Comezara a primavera do outono e follas de tóda-las cores caían"[3].

Para os días de agradable calor que xeralmente existen a comezos de novembro arredor do san Martiño, recolleuse en bastantes puntos a perífrase *vran* (ou *vrao*) *de san Martiño* (e variantes *vrao de san Martín*, *verao de san Martiño*...), e mesmo algunha perífrase como *primaveira de san Martiño* en C.28 Sobrado e *primavera de outono* en L.18 Viladonga-Castro de Rei, onde *outono* é o mes de outubro. Por outra parte, en C.36 Outeiro-Santiso o *veranillo de san Martiño* dise da época de recolle-la froita, mentres que en C.22 se fala do *vran de san Miguel* para o final de setembro e en Le.5 *san Miguel* designa os días bos do outono.

4.2.4. As estacións na lexicografía galega

Nos diccionarios monolingües galegos a entrada *primavera* ten como primeira acepción a estación do ano que está entre o inverno e o verán. Para a estación seguinte hai a entrada *verán* no Xerais (1993, 2000), no RAG (1997) e no Cumio (1999) e *verao* e *verán* no Estravís (1995).

Nos primeiros diccionarios e vocabularios bilingües do galego moderno só aparece a entrada *estío* como equivalente de "verán, vran" no *Diccionario enciclopédico gallego-castellano* de D. Eladio Rodríguez González[4], mentres que nos diccionarios monolingües máis recentes sempre hai a entrada *estío*, que era forma popular no galego medieval. No Xerais (1993, 2000), Estravís (1995) e Cumio (1999) figura *estío* como equivalente de *verán*, e viceversa,

1 A información do Caritel forneceuma Arturo Riguera (outubro do 2000) e a de Lamas Carme Hermida (novembro do 2000). En xaneiro de 1975 eu recollera *primavera de outono* para a estación no lugar de Forcarei (P.10 do *ALGa*).

2 Consultei o Proxecto Base de Datos Lexicográfica do ILG, que dirixe A. Santamarina, que a finais do 2001 tiña unhas mil obras concordadas e lematizadas, con máis de dez millóns de rexistros.

3 En 1949, en *Lirios de Compostela* Dictinio del Castillo Elejabeitia usara a perífrase *primaveira outonal*.

4 Manexei para o diccionario de D. Eladio (e para os anteriormente publicados) a versión electrónica de Santamarina (2001).

pero sen indicación de que *estío* é unha forma literaria; na entrada *verán* do RAG dise que o sinónimo *estío* é máis culto e na entrada *estío* dise que o *verán* é menos culto.

Nas varias acepcións da entrada *outono* dos diccionarios monolingües modernos a (1) é sempre para a definición astronómica da estación. No Estravís (1995) na acepción (2) indícase que outono é forma popular para *outubro*, pero nesta entrada non hai referencia a *outono*. No diccionario da RAG (1997) a acepción (2) de *outono* é "mes de outubro", e na entrada *outubro* remítese a *outono*. No Cumio (1999) a acepción (2) de *outono* é "mes de outubro" e na entrada *outubro* sinálase como sinónimo *outono*. No Xerais (1993) na entrada *outono* na acepción (2) "mes de outubro", e o mesmo na acepción (5) do Xerais (2000); pero na entrada *outubro* destes dous diccionarios non se indica que *outono* é voz popular para ese mes nin se remite á entrada *outono*. En ningún dos diccionarios e vocabularios clásicos editados por Santamarina (2001) e en ningún dos diccionarios modernos aparece a perífrase *primavera de outono*.

Na entrada *inverno* do diccionario de Eladio Rodríguez a acepción (1) é "invierno, estación del año que astronómicamente comienza en nuestros climas en 22 de Diciembre y concluye en 21 de Marzo" e a acepción (2) é "época la más fría y más lluviosa del año". Estas dúas acepcións están en certo modo refundidas na única acepción de *inverno* dos diccionarios de Xerais (1993, 2000), RAG (1997) e Cumio (1999)[1].

4.2.5. As estacións en portugués e noutras linguas ibéricas

Igual que en galego, en portugués moderno hai catro estacións (*primavera*, *verão*, *outono* e *inverno*); pero popularmente pode rexistrarse unha división semellante á de falares galegos.

En Matosinhos, concello estremeiro co do Porto, o ano divídese popularmente en dúas estacións, *meses de inverno* e *meses de verão*. A forma *inverno* non é o inverno propiamente dito, senón que comprende os meses desta estación e os do outono, mentres que a forma *verão* (e a variante *brão*) engloba a primavera e o verán. Hai ademais a expresión *estar inverno* para indicar que fai mal tempo (Lima 1963: 352, 395) e existe o termo *outono*, que designa

1 Xerais (1993): "Estación máis fría e chuviosa do ano, entre o outono e a primavera que, no hemisferio Norte, transcorre entre o 22 de decembro ó 21 de marzo e, no hemisferio Sur, entre o 22 de xuño e o 23 de setembro"; RAG (1997): "Estación máis fría das catro que ten o ano, e que, no hemisferio norte, vai do 21 ou 22 de decembro ó 20 ou 21 de marzo. A *laranxa é unha froita de inverno*"; Cumio (1999): "Estación máis fría do ano, que se estende entre o 22 de decembro e o 21 de marzo no hemisferio boreal, e entre o 22 de xuño e o 23 de setembro no austral". En Estravís (1995) hai unha acepción (1) "Estazón do ano entre o outono e a primavera, que se caracteriza polo frío e a chuva" e (2) "ext. Tempo frío. pl. Fig. Anos da vellez. *Inverno da vida*: a vellez".

en Matosinhos as herbas que nacen nos campos ou as herbas parasitas (*Ibidem*, 367). En Vila do Conde, uns km ó norte do Porto, os labradores usan o termo *inverno* para as estacións de inverno e outono (Netto 1949: 152).

Polo que respecta a Trás-os-Montes na zona fronteiriza con Galicia e Zamora dise *outono* (e variantes *oitono*, *outoño*) para a estación[1]; pero en Laviados (concello de Bragança) dise *primavera do fim de verão* para a estación que precede o inverno (Santos 1967: 337). Por outra parte, en Lageosa-Sabugal na raia portuguesa con Cáceres as estacións son *primavera*, *brõu* (e o sinónimo *estio*), *outono* e *inverno* (Maia 1977: 380).

No dominio astur-leonés, *primavera*, á parte da estación do ano, nas terras leonesas de Babia e Laciana designa o primeiro pasto nos prados de regadio (Álvarez 1949: 323), mentres que en Candamo, na Asturias central, úsase en plural para designar unha planta, a PRIMULA VERIS, que medra espontaneamente nas praderías, bosques e sebes (Díaz González 1986: 249).

No dominio lingüístico catalán a nivel popular hai tamén dúas estacións do ano fundamentais, o *estiu* 'verán' e o *hivern* 'inverno'. Logo están a *primavera de l'estiu* no canto de *primavera* e a *primavera de l'hivern* (en valenciano *primavera d'estiu* e a *primavera d'hivern*) no canto de *tardor* 'outono'. Nestes termos perifrásticos a palabra *primavera* ten vulgarmente "el sentit de 'estació preparatòria d'una de les principals' (que són l'estiu i l'hivern)". En Mallorca rexístrase entre os labregos a forma *sa primavera d'es fred* (literalmente 'a primavera do frío') para o outono. Por outra parte, en catalán hai quen considera que *primavera* é sinónimo de estación do ano en xeral: *les quatre primaveres* (Alcover e Moll 1993: s.v. *primavera*).

No que respecta ó euskera, se atendemos ás denominacións dos nomes das estacións, vemos que hai dúas formas léxicas claramente diferenciadas, *uda* 'verán' (e *udaro* 'estación do verán') e *negu* 'inverno'. Os nomes das outras dúas estacións relaciónanse con 'verán': a 'primavera' é *udaberri*, que significa 'novo verán'[2] e a forma máis empregada para o 'outono', como xa se sinalou, é *udazken* 'fin do verán'. Isto explica que se considere que no modo de pensar tradicional vasco houbo só dúas estacións *uda* e *negu* (Knörr 1999: 187).

1 O mes de outubro nos falares fronteirizos trasmontanos é *outubro* (e variantes como *oitubro* e *outubrè*), *mês da sementeira*, *São Miguel*, *mês das castanhas*, *mês dos Grazes* e *(mês dos) Santos* (Santos 1967: 330).

2 Para 'primavera' tamén se usan outras formas menos coñecidas como *udahaste* 'o comezo do verán', *udalehen* 'primeira primavera' e *bedats* que posiblemente signifique 'o comezo do pasto'.

5. Léxico da Gallaecia litoral

Como mostra do léxico mariñeiro da Gallaecia voume centrar na análise das designacións de dous peixes (*Atherina presbyter* e *Argentina sphyraena*) e nas dun invertebrado equinodermo (*Asterias rubens*). Para o litoral galego baseareime no "atlas" da *Nomenclatura de la flora y fauna marítimas de Galicia* de Ríos Panisse (1977), con datos de 58 portos, desde As Figueiras na Terrra Navia-Eo ata A Guarda e Caminha na foz do Miño; e para o sur do Miño a fonte será o *Atlas Lingüístico do litoral português. Fauna e flora* de Vitorino (1987), con 23 puntos, dos que os tres primeiros (1 Vila Praia de Âncora, 2 Castelo de Neiva e 3 Caxinas-Vila do Conde) corresponden á costa que está entre a foz do Miño e a desembocadura do Douro.

A seguir tratarei un vento, o *vento do mar* ou *vento mareiro*, baseándome en material tirado de mapas dos ventos do *ALGa IV* e no *Léxico de los marineros peninsulares* de Alvar (1985), que contén datos de 15 portos galegos (2 de Lugo, 9 da Coruña e 4 de Pontevedra) e 27 do litoral portugués, dos que os tres primeiros (1 Viana do Castelo, 2 Vila do Conde e 3 Matosinhos) son da Gallaecia. Estes tres puntos portugueses e os da costa galega foron enquisadas por Carme Ríos Panisse e Antón Santamarina nos anos 70 do pasado século.

5.1. Dous peixes: Atherina presbyter *e* Argentina sphyraena

5.1.1. O *pión* ou *piarda* nos falares mariñeiros

O *Atherina presbyter* ten diversas denominacións no litoral da Gallaecia (Mapa 11), das que salientan dúas: *pión* (e variantes), que é a única rexistrada desde S. Cibrao (na Mariña de Lugo) ata Muxía (na costa da Morte); e *piarda* (e variantes), propia da Ría da Arousa e da de Pontevedra e tamén do litoral entre A Guarda e Castelo de Neiva, abaixo de Viana do Castelo[1].

Na Mariña oriental de Lugo, onde o *Trachurus trachurus* se denomina *chicharro* como noutros portos especialmente do Cantábrico galego, o *Atherina presbyter* recibe o nome de *xurelo*[2] (Ribadeo e Rinlo-Ribadeo), coa especificación *xurelo de terra* (Burela) e as variantes *xerelo* (Foz) e *xuelo* (As Figueiras-Castropol). A forma *xurelo*, que é a máis estendida no litoral galego para o *Trachurus trachurus*, deriva de SAURUS 'lagarto, xurelo'; e con *xurelo* relaciónase a forma *xura* de Noia e Portosiño e *xulia* do Porto do Son[3], portos do Bar-

1 A distribución xeográfica das designacións galegas da *Atherina presbyter* están tiradas de Ríos Panisse (1977: 249-251), con anotacións etimolóxicas de Santamarina.

2 No litoral portugués o *Atherina presbyter* denomínase *sorel*, *sorelo* (Mapa 12) en Cascais, preto de Lisboa.

3 A forma *xulia* de Ríos Panisse (1977: 251) está tirada de Aníbal Otero. Na etimoloxía desta forma sinalaba Santamarina que se o dato é exacto "el nombre se debe a una confusión entre

banza que dá á ría de Muros. No Sardiñeiro-Fisterra dise *xurelo de terra*, cunha especificación necesaria para distingui-lo *Atherina presbyter* do *xurelo* propiamente dito (o *Trachurus trachurus*), especificación, en principio, innecesaria no caso de Burela onde este peixe ten o nome de *chicharro.*

Mapa 11: Denominacións de piarda *ou* pión *(*Atherina presbyter*) no litoral galego (fonte: Ríos Panisse 1977: 249-251)*

Na área léxica de *xurelo* da Mariña cantábrica para o *Atherina presbyter*, este peixe denomínase *corcón* en Cangas de Foz[1], emparentada posiblemente co

esta especie y la verdadera *xulia* 'doncella, *Coris julis* L.'. La transposición de nombres es justificable debido a una cierta semejanza entre las dos especies, y más concretamente a su tamaño", sen descartar que se trate dunha deformación de *xura* ou **xuria.* O dato de *xulia* no Porto do Son é realmente exacto, tal como puiden comprobar no 2001.

1 Neste porto da Mariña tamén se rexistrou *arancón*, de etimoloxía descoñecida, poida que relacionada coa forma galega *aranquelo* ~ *aranguelo* 'espiñazo', que pode ter na voz *arancu* 'va-

cast. *carcoma*, cat. *corcó,* aragonés e murciano *corcón* "carcoma", entre outros; e a mesma denominación *corcón* se rexistrou en Lira-Carnota, Muros e Abelleira-Muros.

Mapa 12: Denominacións de peixe rei *(*Atherina presbyter*) no litoral portugués (fonte: Vitorino 1987: mapa 49)*

galume' do portugués trasmontano a forma primitiva. Semanticamente xustificaríase esta denominación, do mesmo xeito que *corcón* ten en galego o significado de 'verme' (Ríos Panisse 1977: 249-251).

A forma *pión* é xeral de S. Cibrao a Muxía, coa variante *peón* (Pantín, Ares e Malpica, nesta en concorrencia con *pión*) e coas formas con especificación *pión de plaia* (Espasante, Bares), *pión de baixura* (Viveiro), *pión sin sanghre* (Cedeira), que coexisten con *pión* (agás en Espasante). Fóra desa área rexistrouse *pión* no Ézaro-Dumbría e na Ría da Arousa, onde pode ser forma única (Escarabote) ou coexistir con *piobardo* (Ribeira, Rianxo e O Carril).

A voz *piarda* forma unha área no litoral que vai de Cambados a Bueu, sendo denominación única nos portos da ría de Pontevedra, mentres que en Cambados concorre con *pibardo* e *piardo*[1] e no Grove con *piardo* e *pialla*. Tamén se chama *piarda* na Guarda e nos dous primeiros puntos do atlas do litoral portugués (Mapa 12), en Vila Praia de Âncora e Castelo de Neiva. En Caminha, na beira portuguesa da foz do Miño, o *Atherina presbyter* denomínase *morca*, igual que no Sardiñeiro-Fisterra, mentres que a forma *piarda* se usa para o peixe *Argentina sphyraena*, 'peón de altura' ou 'piarda brava'.

As formas *pión*, *peón*, *piarda piobardo*, etc. constitúen unha familia léxica que Santamarina considera que se deben relacionar con PĪLUM 'lanza', que debeu converterse nunha forma romance **pío*, logo eliminada por homonimia (Ríos Panisse 1977: 216). Desta forma, co sufixo *-ón* (< -ŌNEM, *cfr*. fr. *lançon*) derivan as denominacións *pión* e *peón*; co sufixo prerromano *-arro*, disimilado en *-ardo*, proceden as formas *piardo*, *piarda*; e dunha forma hipersufixada **pionardo* saen *pioardo*, *piuardo* e, con consonantización de *-u-*, *piobardo*.

Na costa que vai de Cangas do Morrazo a Panxón o *Atherina presbyter* denomínase *boghón*[2], forma que tamén se rexistrou en Vilanova da Arousa, en coexistencia con *pioardo* / *piuardo* e en Mogor-Marín, concorrendo con *piarda*. Outras denominacións son *sufre* en Caión (entre A Coruña e Malpica), pola coloración verde-amarela deste peixe que lembra o xofre ou xufre, e *xughra* no Sardiñeiro-Fisterra, relacionado con *xura* de Noia e Portosiño pero cruzado con *xufre*.

Un peixe semellante ó *Atherina presbyter* é o *Argentina sphyraena* (Ríos Panisse 1977: 215-217), que en moitos portos ten a mesma denominación do *Argentina sphyraena*, pero cunha especificación: (a) *bravo*: *boghón bravo* en Cangas, *corcón bravo* en Muros, *piarda brava* en Cambados e *pión bravo* en Laxe, Mugardos, Corme e Escarabote; (b) *de afora*: *boghón de afora* en Cesantes; (c) *de altura*: *boghón de altura* en Bouzas, Cangas e Panxón, *corcón de altura* en Muros, *peón de altura* en Burela, *piardón de altura* en Mogor, *pión de altura* en Espasante,

1 A forma usual en Cambados é *piarda*. O termo *piardo* é sinónimo de *piarda brava* nese porto arousán, moito menos apreciada cá *piarda*. Polo que respecta a *pibardo*, termo que nunca escoitei en Cambados, aparece como denominación dubidosa en Ríos Panisse (1977: 250).

2 Trátase dun derivado do nome doutro peixe, a *boga*. A forma aumentativa debe ser despectiva xa que se trata dun peixe máis pequeño cá *boga*, o *Boops boops*.

Bares, Viveiro, Muxía, Camariñas, Pontedeume, Miño, Cedeira, Burela e S. Cibrao e *xurelo de altura* en Foz; (d) *da plaia*: *pión da plaia* en Cariño (dubidoso); (e) *moscón*: *xuelo moscón* en Portosiño e *xurelo moscón* en Foz e Ribadeo.

As formas *pión* de Pantín e Malpica, *piuardo* de Vilanova da Arousa e *sufre* de Caión poden referirse tanto ó *Atherina presbyter* como ó *Argentina sphyraena*. Outras denominacións para este último, non recollidas entre as do *Atherina pr.*, están *ollón* en Cambados, en referencia ó desmesurado tamaño dos ollos deste peixe en relación co tamaño da cabeza; *pabardo* en Corme, posible deformación de *piobardo* cruzado co nome doutro peixe, a *alpabarda*; *pioabardo* en Bueu, onde o *Atherina pr.* se denomina *piarda*; *tomás* en Miño, Corme, A Coruña e Laxe[1]; *torno* en Ribeira, probablemente relacionado co utensilio de carpintería do mesmo nome.

O *Argentina sphyraena* chámase *peixe sin sangre*[2], en Caión, denominación que segundo Santamarina "responde a la creencia, muy difundida en la costa gallega, de que este pescado, así como la *Atherina presbyter*, no tienen sangre" (Ríos Panisse 1977: 216). E en Portonovo chámase *peixe rei*, sen dúbida un termo irónico para un peixe como a *piarda brava*.

No litoral portugués *peixe rei* (e *peixiño rei*) designa o *Atherina presbyter* en Caxinas-Vila do Conde (punto 3 do Mapa 12), en case toda a costa que vai de Nazareth (9) a Sesimbra (13) e nos portos do Algarve, de Sagres (17) a Monte Gordo (23). Sen embargo en Vila do Conde o *peixe-rei*[3] é o *Acipenser sturio*, popularmente coñecido como *esturjão* ou *solho-rei* (Netto 1949: 135).

5.1.2. O *pión* ou *piarda* na lexicografía

Polo que respecta á lexicografía galega no diccionario de Cuveiro, de 1876, hai unha entrada *peixe rei*, para *Atherina hepsetus*, e nela remítese ás formas *pialla*, *piarda* e *pion*. No de Eladio Rodríguez non se acha *peixe rei*, hai unha entrada para *piarda* ("pez marino que también se conoce por *pialla* y *pión*"), pero si hai *peixe-rei* no diccionario de Carré, do que se dá o equivalente castelán *peje-rey* (Santamarina 2001).

No diccionario da RAG (1997) non hai a forma *peixe rei* na entrada *peixe* nin hai entrada para formas como *pión* ou *piarda*.

1 A forma *tomás* é dubidosa. Trátase dunha denominación recente e humorística, tirada da antroponomástica que posiblemente designe o *Argentina silus* (Ríos Panisse 1977: 216).

2 O *Argentina sphyraena* denomínase *pexe sin sangre* en Candás, porto asturiano próximo a Xixón, denominación que segundo Barriuso Fernández (1986: 51) obedece á transparencia corporal. A forma *peixe sem sangue* dise do *Atherina presbyter* no SO da costa portuguesa, en Zambujeira do Mar e Arrifana (Mapa 12).

3 Este peixe chámase *sollo rei* en Caminha. O determinante *rei* "parece deberse a que el primer ejemplar que se pescaba de este pez se reservaba para la mesa real" (Ríos Panisse 1977: 209).

No Estravís (1995) hai unha entrada *peixe-rei* con dúas acepcións (1) "Peixe clupeídeo mais coñecido por *bogón* ou *pión de altura*. N. C. *Argentina sphyraena*. (2) Peixes muxilídeos mais coñecidos como *piarda*. N. C. *Atherina hepsetus* e *Atherina presbyter*". Neste diccionario non hai entrada para *bogón* nin para *piarda*, mentres que as acepcións (6) e (7) da entrada *peón* se refiren ó *Argentina sphyraena* e ó *Atherina presbyter*, respectivamente.

No Xerais (2000) na entrada *peixe* a frase *p. rei* ten dúas acepcións: (1) 'pión da altura' (*Argentina sphyraena*) e (2) 'piarda, peón, piobardo, pión' (*Atherina presbyter*). E a este peixe refírense as entradas *bogón*, *piarda*, *pión* e *piobardo* e maila acepción (6) da entrada *peón*.

No *Vocabulario multilingüe de organismos acuáticos* proponse como nome galego *peixe rei* para *Atherina (Hepsetia) presbyter* Cuvier, cos sinónimos *bogón* e *piarda cabezuda*, mentres que para o *Atherina (Atherina) hepsetus* Linnaeus[1] a denominación proposta é *peixe rei do alto*, co sinónimo *piarda* (Lahuerta e Vázquez 2000: 148). Para o *Argentina sphyraena* a forma proposta é *pión de altura*, co sinónimo *arxentina branca* (p. 107).

Tendo en conta as denominacións do peixe *Atherina pr.* e do *Argentina sph.* no galego mariñeiro considero que non se debe propoñer como estándar a forma *peixe rei* en ningún dos dous casos, xa que esta forma non se rexistrou para o *Atherina pr.* en ningún punto, mentres que para *Argentina sph.* só se rexistrou nun punto (en Portonovo). *Peixe rei* é a forma portuguesa maioritaria no litoral luso para o *Atherina pr.*

As formas do galego común poderían ser *pión* e *piarda* (para o *Atherina pr.*.) e *pión de altura* e *piarda de altura* (para o *Argentina sph.*). Deste xeito estarían representadas as "dúas" Galicias mariñeiras, a que vai do Cantábrico á Costa da Morte e a das Rías Baixas: a da *chalana* e a *ghamela*, a da *palometa* e a *castañeta*, a da *parrocha* e a *xouba*.

5.2. Un invertebrado equinodermo: Asterias rubens[2]

5.2.1. A 'gradicela' nos falares mariñeiros

Como se ve no Mapa 13, desde As Figueiras de Castropol ata a Guarda na foz do Miño é moi rara a forma *estrela* para designar este equinodermo, pois só se recolleu no porto de Espasante no mar de Ortegal e no fisterrán Sardiñeiro (e en Caminha fronte á Guarda), xunto con *estrela de mar* en Ares.

1 As formas recollidas en Ríos Panisse (1977: 249) para *Atherina hepsetus* (L.) son *boghón* en Cangas do Morrazo e Panxón, *peixe rei* (do diccionario de Cuveiro); *pialla* (das obras de Lozano Cabo, Cornide e Cuveiro); *piarda* en Cambados e A Guarda; *piobardo* (de Cuveiro, rexistrado nas Rías Baixas); *pión* en Bares, Laxe, Muxía (e nas obras de Lozano Cabo, Cornide e Cuveiro); *pión sin sanghre* en Cedeira; *xerelo* en Foz e *xuelo* nas Figueiras.

2 Neste apartado sigo no esencial o relativo á *gradicela* en Fernández Rei (1999: 118-122).

En moitos portos úsase o castelanismo *estrella*, ás veces como única forma rexistrada, que nalgún caso leva a especificación *de mar* / *do mar*[1].



Mapa 13: Denominacións da gradicela *ou* estrela de mar *(*Asterias rubens*) no litoral galego (fonte: Ríos Panisse 1977: 13-14)*

En portos da Mariña de Lugo dise *grade* (Burela, Cangas de Foz e Foz) e *ghrade* con gheada rexistrouse en portos da ría de Vigo (Panxón, Coruxo). Segundo Santamarina a denominación *grade* para a *Asterias rubens* provén da semellanza do animal coa grade (do lat. CRATEM 'enreixado'), apeiro de labranza a xeito de grella, con dentes por abaixo para achaia-las terras de semente (Ríos Panisse 1977: 13-4). E dun diminutivo CRATICELLA procede o termo *ghradisela*, propio da ría de Pontevedra (Portonovo, Mogor-Marín) e de portos do Salnés da ría da Arousa (O Grove, Cambados), mentres que nou-

1 *Estrella del mar* nas Figueiras-Castropol, *estrella de mar* en Bares e Ares e *estrella do mar* en Escarabote e Mogor-Marín.

tros portos desta ría se rexistra o castelanismo *estrella* (Vilanova da Arousa, O Carril e Rianxo), que no caso do Carril convive coa forma *comeostra*.

No costado de leste arousán e especialmente na praia que os mariñeiros chamaban As Carballas (no concello de Vilanova) que remata no puntal do Terrón (de aí que hoxe se coñeza a praia por este nome), sempre houbo moitas gradicelas, que se tomaban cando viñan ó limpo para comeren *espadín*[1], termo que en todo o litoral galego só se usa en Cambados para o *Ensis ensis*, molusco que en moitos portos chaman *longueirón* ou *navalla* (Ríos Panisse 1977: 125-126). E tamén se tomaban no Vao, próximo á praia das Carballas, cando viñan á ameixa ou ó berberecho escachado polos rastros de vara, despois da ceifa que comezaba en outubro. A *gradicela* é un excelente fertilizante natural, como tamén o son os *pateiros* e os diferentes tipos de *argazos*, aínda que estes últimos teñen a vantaxe sobre *gradicelas* e *pateiros* de podreceren moito antes. Que a *gradicela* fose tan apreciada como fertilizante polos labregos do Salnés explica que nun porto coma o de Cambados houbese mariñeiros que noutrora se dedicasen a andar a elas para llellas vender á xente do campo.

Na costa comprendida entre Ribeira e Malpica a *Asterias rubens* denomínase *tallanta* (Ribeira, Lira), *tixeira* (Malpica, O Sardiñeiro, Ézaro, Muxía, Camariñas e Corme, e tamén en Espasante-Ortigueira xa no Cantábrico) e *tixeira do mar* (Portosín) cunha especificación. Santamarina considera que o parecido cunha *tixeira* aberta pode explicar semanticamente a denominación para este invertebrados (Ríos Panisse 1977: 14). Téñase en conta que *tallanta* (do lat. TALIARE "cortar") é forma tradicional de falares fisterráns no canto do xeral *tixeira*.

Na Costa da Morte *tixeiras* e *tallantes* son formas comúns aínda hoxe entre os mariñeiros, como pode verse neste texto de García Allut (1996: 94) relativo a Lira e a Muxía:

> Ó recoller un aparello a bordo, como nos di o informante, non só pode vir peixe, senón que o acompañan, segundo onde se estea pescando, certo tipo de algas, cunchas, pedras, "tixeiras e tallantas", etc., trazas do substrato mariño que representan unha información accesoria e útil para unha representación aproximada da imaxe do fondo[2].

1 Hai un peixe cientificamente coñecido como *Clupea sprattus* que se denomina *espadín* en Portonovo, Escarabote, Bouzas, A Guarda, Panxón, Cangas, Cesantes, P. Morrazo, Mogor, Marín e Redondela. Ese *espadín* corresponde ó *trancho* dos portos da Ría da Arousa, da Ría de Muros e Noia e da Costa da Morte ata Corme; e á *trancha* do resto do litoral galego, de Malpica a Rinlo-Ribadeo, e mesmo nas Figueiras-Castropol (Ríos Panisse 1977: 217-218).

2 O autor pon entre comiñas as "tixeiras e tallantas", pero non explica qué son. En dous traballos de 1998 García Allut reproduce este mesmo texto, nun pon ese sintagma en cursiva,

Outras denominacións relaciónanse co 'polbo' porque, segundo Santamarina, a cor violeta escura e os longos brazos danlle á a *Asterias rubens* certa semellanza co polbo (Ríos Panisse 1977: 14). Isto explicaría formas como *pulpo cegho* en Miño e Sada, *nai do polbo*[1] en Caión e *pólbera macha* na Guarda. Neste caso e no de Caión trátase de costa moi batida polo mar, onde moi probablemente a gradicela se alimente de polbos, como ocorre no litoral miñoto, o que contribúe a relacionar ámbolos animais, á parte da similitude dos brazos do equinodermo cos raxos do cefalópodo.

Outras formas rexistradas son *curceta* en Cesantes, cun diminutivo de *cruz*, e *sartaña*[2] en Abelleira-Muros; *rapaconas* en Laxe e *rapacricas* en Rinlo e *sersella* en Cangas do Morrazo. A *sersella*, ó igual que as *tallantas* (e *tixeiras*) da Costa da Morte e a *rapaconas* (e *rapacricas*) "posiblemente aludían a la práctica de raerse los pelos frotando la piel con ejemplares de esta especie" (Ríos Panisse 1977: 14).

Na costa portuguesa da Gallaecia temos denominacións rexistradas no litoral galego: *estrela* en Caminha e Caxinas-Vila do Conde, *estrela do mar* en Castelo de Neiva, *rapacona* tamén en Caxinas e *polbo bravo* en Vila Praia de Âncora, no litoral miñoto onde hai rebastais chamados *fragas*, que quedan en seco cando baixa a marea; e segundo Magalhães (1998: 54) no caso de Carreço (lugar entre Âncora e Viana do Castelo) nas "poças de água que se formam nessas fragas, escondem-se estrelas do mar, alimento dos polvos, e denunciam a relativa abundância do pesqueiro".

No resto do litoral portugués, como se ve no Mapa 14, desde a desembocadura do Douro á do Guadiana o xeral é *estrela*, que pode estar especificada (*estrela de / do mar*). Nun punto do Algarve a forma especificada é *estrela da tarde / da água*).

---

explicando o seu significado en nota: "Estrelas de mar (*Marthasterias glacialis*) e arañas de mar (*Ophiocomina nigra*)"; e noutro traballo tamén está en cursivas, pero entre parénteses aclárase que son "estrelas de mar, ofiuras" (Fernández Rei 2001: 119, nota 193).

1 Na costa centro-oriental de Asturias, o equinodermo *Marthasterias glacialis* L. ten como denominación xeral *estrella* (en Xixón *estrella de mar*), pero en Lastres (máis cara ó oriente) denomínase *madre del pulpu*, forma que "sigue el procedimiento ya observado de adjudicar a ciertos animales marinos el nombre de *madre* de otro, por ejemplo, *madre de la boga (salema*, *Sarpa salpa)*, *madre de la sardina (sábalo*, *Alosa alosa)*, el primero entre los peces neríticos y el segundo dulceacuícola. El animal invocado suele ofrecer cierta semejanza externa. En nuestro caso, los brazos de la estrella se comparan con los tentáculos del pulpo" (Barriuso Fernández 1988: 425). Para os mariñeiros asturianos, segundo Barriuso, este equinodermo é inútil e desagradable: "no valen pa nada", din os de Candás; entran nas nasas e "comen la carnada", din os de Tazones, que está agardando mellores presas (*Ibidem*).

2 A etimoloxía pode ser SARTAGINEM 'tixola', foneticamente posible de igual xeito que FARRAGINEM deu o galego *ferraña*. Segundo Santamarina, *sartaña* semanticamente responde á mesma motivación que *ghradisela* 'grella' > 'estrela de mar' (Ríos Panisse 1977: 14).

Mapa 14: Denominacións de estrela de mar *(*Asterias rubens*) no litoral portugués (fonte: Vitorino 1988: mapa 184)*

5.2.2. A 'gradicela' na lexicografía

No diccionario de Eladio Rodríguez (Santamarina 2001) hai unha entrada *estralamar* coa seguinte definición referida a un equinodermo:

> Marisco como de nueve pulgadas de largo, que es un equinodermo que tiene la piel erizada de espinas. En la isla pontevedresa de Ons llámaseRAÑACÚ y también se conoce como *ortiga do mar*// El marisco *estrelamar* está cubierto por una ligera concha caliza en sus radios; y a través de esta concha y por la parte inferior salen multidud de piececillos carnosos que rodean la boca; y por encima tiene espinas semejantes a las del erizo, de donde sin duda proviene el nombre de RAÑACÚ que se le da en la isla de Ons. Es muy común en las Rías Bajas de Galicia; vive en distintas profundidades, según las especies; dícese que es enemiga de las ostras; aparece a veces en las playas, arrojado por el mar en grandes cantidades, que se recogen y se emplean como excelente abono en las tierras de litoral.

Na versión provisoria do *VOLGa* (1989) aparece *estrelamar* e *gradicela*, aínda que ó tratarse dun listado un non sabe a qué se refire a *gradicela*[1], se a un tipo de cercado ou de reixa ou a un equinodermo. No diccionario da RAG (1997) non aparece a entrada *gradicela*, mentres que na entrada *estrela* hai a frase *estrela de mar* para "animal mariño do tipo dos equinodermos, en forma de estrela con cinco ou máis brazos".

En Estravís (1995) hai unha entrada *estrela-mar* ou *estrela-do-mar* que na acepción (2) se refire á *Asterias arauciaca* e *Asterias rubens* ("Nome vulgar de vários equinodermes do grupo dos asteroides, cuxo corpo ten forma de estrela"), e o mesmo na acepción (7) da entrada *gradicela* ("Nome vulgar de un animal invertebrado mariño da familia dos equinodermes, máis coñecido por *estrela* ou *estrela-do-mar*").

No Xerais (2000) a acepción (1) da entrada *estrelamar* refírese ó "animal equinoderno mariño (*Asterias rubens*), de corpo comprimido, coa forma dunha estrela de cinco puntas; cercella, estrela do mar, gradicela", e igualmente a acepción (4) da entrada *gradicela* ("Un dos nomes que recibe a estrela do mar; cercella, estrelamar").

Lahuerta e Vázquez (2000: 342) propoñen o nome galego *gradicela* para a *Asterias rubens* e o de *estrela de mar común* para a *Masthasterias glacialis*.

5.3. Un vento: o vento do mar e o vento mareiro

Na ribeira do mar o *vento* ten unha grande importancia fronte á Galicia interior, onde normalmente se fala de *aire* (no sur de Pontevedra de *airo*) e de *vento* cando é moito máis forte có *aire*. No interior, o *aire* xeralmente vén de arriba ou de abaixo (ou de tal sitio ou de tal serra), mentres que na costa hai unha gran riqueza de *ventos*, con cadanseu nome. Ademais, no litoral úsase o verbo *ventar* para a acción de soprar (con forza) o vento.

1 Esta forma xa se documenta en 1895 no *Castelo de Pambre* e na *Tecedeira de Bonaval* de López Ferreiro para referirse a unha 'reixa' na igrexa dun convento; pero na Base Lexicográfica do ILG non hai ningún rexistro para o equinodermo.

5.3.1. O literario e agarimoso 'vento mareiro'

Na Galicia atlántica hai ventos temidos como o duro *leste*, que os mariñeiros arousáns de Cambados, entre outros, tamén chaman vento *terral*, e que tanta fame ten traído á ribeira atlántica. De aí o *pasar leste* 'pasar (moita) fame', que se oe en vilas da Arousa, no Porto do Son ou en portos da Costa da Morte como Lira ou Fisterra, expresión que non recollen os diccionarios de Estravís (1995), RAG (1997), Cumio (1999) e Xerais (2000) nas entradas *pasar* e *leste*.

Outros ventos son agarimosos como o *vento mareiro*, que dá título a un famoso poemario que o cambadés Cabanillas editara na Habana en 1915. Aínda que as primeiras documentacións dese sintagma están nos pontevedreses Sarmiento e Pintos[1], a través de Cabanillas o *vento mareiro* debeu pasar a moitos outros autores. Poida que sexa o caso do tamén pontevedrés Amado Carballo[2], que quedara impresionado pola beleza e pola forza expresiva, pola modernidade e pola 'posta en marcha' da lingua galega despois da lectura do devandito poemario de Cabanillas (Pena 1996: 106).

Para a xente do mar de Cambados o *vento mareiro* é maino e leve, e sopra do noroeste (da parte do Barbanza) na primavera e no verán, desde o mediodía á tardiña baixa, mentres que no solpor o *vento mareiro* é substituído polo *nordés*, que vén da terra (e non do mar). No inverno, o agarimoso vento mareiro da primavera e verán, en Cambados pasa a denominarse (*vento da*) *travesía*, non precisamente maino, pero segue soprando da mesma zona do Barbanza.

Para a xente do mar de Rianxo o *vento mareiro* é sempre unha brisa suave, que sopra de calquera sitio e que permite navegar con tranquilidade, mentres que o *vento do mar* sopra do sur e trae temporal e chuvia[3]. O *vento mareiro* aparece na poesía de Manuel Antonio e na prosa de Rafael Dieste[4], e é o

1 A primeira documentación de *vento mareiro* está no *Coloquio de 24 gallegos rústicos* (1746) do pontevedrés Frei Martín Sarmiento, que tamén usa o adxectivo *mareiro* referido ó golfe (un tipo de alga mariña) e ó estrume de golfe mareiro, xeba, argazo, bocho e verdello. A segunda documentación de *vento mareiro* está en *A gaita gallega* (1853) do tamén tamén pontevedrés Xoán Manuel Pintos, que vivira uns anos en Cambados exercendo de xuíz.

2 Na obra de Amado Carballo rexístrase en frases como "vento mareiro da Carnota" (*Os probes de Deus* 1925) e "aldeán vento mareiro" ou "vento mareiro silenzoso" (*Proel* 1927).

3 Esta información foime fornecida por Carme García, estudiosa do léxico mariñeiro de Manuel Antonio e do galego oral de Rianxo.

4 En Manuel Antonio aparece nun poema de 1924 ("Ó volver, vento mareiro / c'o teu arrolo de fel / trai o ronsel silandeiro / d'aquel mozo mariñeiro"). No poema "Guarda de 12 a 4" do poemario *De catro a catro* (1928), o poeta rianxeiro inclúe unha cantiga onde aparecen o *vento do mar* e o *vento mareiro* como sinónimos ("Vente ventiño d'o mar / vente ventiño mareiro / Vente ventiño d'o mar / vente noso compañeiro"), aplicados a esa brisa suave que dá bo navegar. Tamén son sinónimos na cantiga "Vente ventiño do mar / vente ventiño mareiro / qu'anque me léve-la gorra / tamén sei andar en pelo", e o mesmo en "non lle temas

título dun cadro de Castelao e da portada, tamén de Castelao, do poemario *Vento mareiro* de Cabanillas, moi parecida ó cadro; pero nestas obras de Castelao non se trata dun vento agarimoso, senón máis ben do *vento do mar* rianxeiro, porque a auga do mar ten a cor gris dos días do mal tempo (e non o azul mariño dos días do *vento mareiro*) e as copas dos piñeiros están dobradas. Como forma popular o *vento mareiro* parece ser propio do costado de leste da ría da Arousa, pero non do costado de noroeste, pois en Ribeira, por ex., non é popular. Tampouco o é no Porto do Son[1] nin en Noia, na parte do Barbanza que dá á ría de Muros.

5.3.2. O 'vento do mar' do litoral galego e portugués

Nos distintos mapas dos ventos do *ALGa IV* hai moi poucos puntos onde se rexistrasen nomes de ventos coa forma *mar* e derivados.

No Mapa 56 *aire* / *vento do norte* rexistrouse *aire* / *vento do mar* en L.1 Pelourao-Viveiro e *mareiro* / *vento da Coruña* en C.25 Xanceda-Mesía, xunto co refrán "vento mareiro, merda pró troiteiro". No Mapa 57a *aire* / *vento sur* rexistrouse *marexiña* (e o verbo *marexiar*) en C.37 S. Mamede de Carnota e *vento do mar* / *vento de abaixo* en C.47 Rianxo, distinto do *vento mareiro* que sopra de calquera sitio.

No Mapa 59 *aire* / *vento do noroeste* anotouse *vento mareiro* en P.12 Fefiñáns--Cambados e *maraxe* en P.13 O Grove para a brisa de mediodía, no verán, que vén sendo como o vento mareiro de Cambados. E no Mapa 63b *aire* / *vento do oeste* anotouse *aire da mar* en L.20 Friol, *aire do mar aberto* en P.22 Lougares-Mondariz e *aire da costa* en P.32 Vilachán-Tomiño.

No material recollido nos anos 70 por Ríos Panisse e Santamarina para o *Léxico de los marineros peninsulares*, correspondente a 15 portos galegos e a tres portugueses entre o Miño e o Douro (Viana do Castelo, Vila do Conde e Matosinhos), o 'vento do mar' (Alvar 1985,1: 337-339) nos portos galegos do Cantábrico denomínase *vento mareiro* no Porto de Bares, *nordeste* e *norte* en Foz e *brisa do mar* en S. Cibrao.

Nos portos atlánticos o rexistrado foi *maraxe* en Cedeira, *briza* en Sada, *brisa* en Malpica, Sardiñeiro e Ribeira (e *brisiña* no Porto do Son), *nordeste* e *vento de afora* en Laxe, *vento foreno* en Muxía, *airexa* e *b[r]isa* en Cambados, *maraxote* en Cangas, *maraxe* en Panxón e *vento de fóra* na Guarda.

---

mariñeiro / ó veintiño do mar / que o vento mareiro / dá mellor navegar". Dieste úsao nos *Arquivos do trasno* no relato "Pampín": "Un *nós* de moita largueza, no que caben rafegas de vento mareiro, disputas de gavotas arrremuiñadas, escumas e dondas a correr pola area..." (p. 67 da ed. de Galaxia, 1973[3]).

1 Cando non se indica a procedencia bibliográfica, a diversa información sobre o léxico mariñeiro do Porto do Son foime fornecida por Francisco Calo Lourido.

Na costa portuguesa da Gallaecia correspondente a ese *Léxico de los marineros* o 'vento do mar' chámase *oeste*[1] nos tres puntos interamnenses, forma que concorre con *vento mareiro* en Viana do Castelo e Vila do Conde e con *vento do mar* en Matosinhos. No resto da costa portuguesa, desde a desembocadura do Douro á do Guadiana as formas máis rexistradas para 'vento do mar' foron *vento de fóra*, *vento do mar* e sobre todo *(vento) mareiro*[2].

5.3.3. O 'aire / vento mareiro' na lexicografía

No diccionario da RAG (1997) na entrada *mareiro*, *-a*, despois das acepcións deste adxectivo aparecen os sintagmas *aire mareiro*, *vento mareiro* definidos como "vento que vén do mar", co sinónimo *(vento de) travesía*, e na entrada *travesía* a acepción (3) é "vento que sopra do poñente, do mar".

No Xerais (1993) aparece o *vento mareiro*, sen definición propia, na entrada *mareiro*, *-a* "pertencente ó mar, que procede do mar, mariño (*aire ou vento mareiro*)", e o mesmo no Cumio (1999) na acepción (1) de *mareiro*, *-a* "relativo ó mar ou procedente del (*vento mareiro*)". No Estravís (1995) na acepción (1) da entrada *mareiro* dise "que é próprio ou procede do mar como o vento ou a chúvia".

Aire e *vento* son practicamente sinónimos, o que non quere dicir que a carón de *vento mareiro* haxa que incluír un *aire mareiro*, como se fai no diccionario da RAG (1997) ou no Xerais (2000)[3], especialmente de termos en conta a oralidade e a semántica de *aire* e de *vento*, este máis usado na beiramar e aquel no galego non costeiro. A única documentación de *aire mareiro* na Base Lexicográfica do ILG é de 1886 e corresponde a unha das cantigas recollidas no *Cancionero Popular Gallego* de Pérez Ballesteros ("Eí vèn o aire do mar / eí vèn o aire mareiro").

BIBLIOGRAFÍA

Acevedo y Huelves, Bernardo e Marcelino Fernández y Fernández (1932):*Vocabulario del bable de occidente*. Madrid: Junta para Ampliación de Estudios e Investigaciones Científicas. Archivo de Estudios Históricos.

Alcover, Antoni Mª e Francesc de B. Moll (1988):*Diccionari català-valencià-balear*. Palma de Mallorca: Moll.

1 En Vieira de Leiria (indo cara a Lisboa) o 'vento oeste' denomínase *vento do mar* (Alvar 1985, 1: 303).

2 O *vento mareiro* designa en Cascais, preto de Lisboa, o 'vento noroeste' (Alvar 1985, 1: 306), mentres que en Lagos, no Algarve, úsase para o 'vento sur' (*Ibidem*: 297). En Odeleite, lugar do Algarve pero a uns 15 km. da costa e a 4 km. do río Guadiana, o *vento mareiro* designa o vento que sopra do leste (Cruz 1991: 306).

3 No Xerais (2000) na entrada *mareiro*, *-a* defínese este adxectivo como "pertencente ó mar, que procede do mar. *Aire* ou *vento m.*, o que vén do mar; vento da travesía".

ALGa IV [2002] = Francisco Fernández Rei (coord.): *Atlas Lingüístico Galego. Vol. IV Tempo atmosférico e cronolóxico*. A Coruña: Instituto da Lingua Galega / Fundación "Pedro Barrié de la Maza, Conde de Fenosa" (no prelo).

Alibert, Louis (1966): *Dictionnaire occitan-français d'après les parlers languedociens*. Toulouse: Institut d'Études Occitanes.

ALIR (1996): *Atlas Linguistique Roman. I Commentaires.* Redactado por Gaston Tuaillón e Michel Contini. Roma: Istituto Poligrafico e Zecca dello Stato. Librería dello Stato.

ALPI (1962): *Atlas Lingüístico de la Península Ibérica I. Fonética*, *1*. Madrid: CSIC.

Alvar, Manuel (1984-89): *Léxico de los marineros peninsulares*, 4 vols. Madrid: Arco e Curso de Filología de Málaga.

Álvarez, Guzmán (1949): *El habla de Babia y Laciana.* Madrid: CSIC. Anexo XLIX da *RFE*.

Andolz, Rafael (1992): *Diccionario aragonés. Aragonés-castellano, castellano-aragonés.* Zaragoza: Mira.

Andrés, Ramón d' (2001): *Cuestiones d'asturianu normativu.* Uviéu: Ámbitu.

Arias Vilas, Felipe (1992): *A romanización de Galicia.* Vigo: A Nosa Terra.

Babarro González, Xoán (1994): "A fronteira lingüística do galego co asturiano. Delimitación e características das falas de transición dos concellos de Navia, Villallón, Allande e Ibias", en F. Fernández Rei (ed.): *Lingua e cultura galega de Asturias*. Vigo: Xerais, 79-148.

Barriuso Fernández, Emilio (1986): *El léxico de la fauna marina en los puertos pesqueros de Asturias central*. Oviedo: Principado de Asturias. Instituto de Estudios Asturianos (CSIC).

Cano González, Ana Mª (1982): *Vocabulario del Bable de Somiedo.* Oviedo: Principado de Asturias. Instituto de Estudios Asturianos (CSIC).

Cioranescu, Alejandro (1966): *Diccionario etimológico rumano.* Tenerife / Madrid: Universidad de la Laguna / Gredos.

Corominas, Joan e José A. Pascual (1980-91): *Diccionario crítico etimológico castellano e hispánico*. Madrid: Gredos.

Coromines, Joan (1983-1993): *Diccionari etimològic i complementari de la llengua catalana* . Barcelona: Curial Edicions Catalanes / Caixa de Pensions "La Caixa".

Cruz, Mª Luisa Segura da (1991): *O falar de Odeleite*. Lisboa: INIC.

Cumio (1999) = Xosé Feixoo (dir.): *Diccionario da língua galega*. Vigo: Ed. do Cumio.

DALLA (2000) = *Diccionariu de la Llingua Asturiana.* Uviéu: Academia de la Llingua Asturiana.

Díaz González, Olga Josefina (1986): *El habla de Candamo (aspectos morfosintactácticos y vocabulario).* Oviedo: Universidad.

Díaz López, Jacinto e Manuel García Galano, (1996): *Vocabulario d'A Roda (Tapia).* [Uviéu]: Principáu d'Asturies. Conseyería de Cultura.

Estravís (1995) = Isaac Alonso Estravís (dir.): *Dicionário da língua galega*. Santiago de Compostela: Sotelo Blanco.

Fernández Rei, Francisco (1990): *Dialectoloxía da lingua galega*. Vigo: Xerais.

Fernández Rei, Francisco (1991): "Trazos lingüísticos nos límites orientais da galeguidade", en X. M. González Reboredo e X. A. Fernández de Rota (coods.): *Actas do Simposio de Antropoloxía "Lindeiros da Galeguidade I" (5 -6-7 de xullo 1990, O Cebreiro-A Proba de Navia-Vilafranca).* [Santiago de Compostela]: Consello da Cultura Galega, 113-128.

Fernández Rei, Francisco (1999): *Ramón Cabanillas, Manuel Antonio e o Mar da Arousa. Dúas singraduras na construcción dun idioma para unha patria*. A Coruña: Real Academia Galega.

Fernández Rei, Francisco (2001): "O mar na literatura galega: ondas, ventos, illas, ribeiras e vagallóns", en Pérez Alberti, Augusto (coord.): *Galicia fai dous mil anos. O feito diferencial galego. IV As paisaxes de Galicia.* Santiago de Compostela: Museo do Pobo Galego, 219-260.

Fernández Rei, Francisco (2002a): "As estacións do ano en galego: o *inverno*, o *verán* e as *primaveras*", en Ramón Lorenzo (ed.): *Homenaxe a Fernando R. Tato Plaza*. Santiago de Compostela: USC, pp. 129-143.

Fernández Rei, Francisco [2002b]: "O tratamento do léxico patrimonial na lexicografía galega", en Dolores Sánchez Palomino (ed.): *Actas do Simposio de Lexicografía Galega (A Coruña 20 -24 novembro 2000)* (no prelo).

Fernández Vior, José Antonio (1998): *Vocabulario da Veiga.* Uviéu: Academia de la Llingua Asturiana.

García, Constantino (1985): *Glosario de voces galegas de hoxe*. Anexo 27 de *Verba*. Santiago de Compostela: USC.

García Allut, Antonio (1996): "A 'outra' ciencia: saberes artesanais e adaptación en dúas poboacións mariñeiras galegas", en *A Trabe de Ouro* 25, 87-101.

García García, José (1983): *El habla de El Franco (una variante lingüística del Occidente de Asturias).* Mieres del Camino: Instituto "Bernaldo de Quirós".

Knörr, Henrike (2000): "Astronomy and basque language", en C. Esteban e J. A. Belmonte (eds.): *Oxford VI and Seac 99 'Astronomy and cultural diver sity. Astronomía y diversidad cultural'*. Tenerife: OACIMc, 183-192.

Lahuerta Mouriño, Fernando e Franciso X. Vázquez Álvarez (2000): *Vocabulario multilingüe de organismos acuáticos.* Santiago de Compostela: Xunta de Galicia / Centro Ramón Piñeiro / Termigal.

Lima, Maria Alves (1963): *Matosinhos. Contribuição para o estudo da linguagem, etnografia e folclore do concelho.* Coimbra: *RPF*.

López Pereira, Eduardo (1989): *O primeiro espertar cultural de Galicia. Cultura e literatura nos séculos IV e V*. Santiago de Compostela: USC.

Lorenzo, Ramón (1977): *La traducción gallega de la "Crónica General y de la Crónica de Castilla". II Glosario.* Ourense: Instituto de Estudios Orensanos 'Padre Feijoo'.

Machado, José Pedro (1995[7]): *Dicionário etimológico da língua portuguesa*. *Com a mais antiga documentação escrita e conhecida dos vocábulos estudados*. Lisboa: Horizonte.

Magalhães, Ivone Baptista de (1998): *Embarcações tradicionais: Em busca de um património esquecido. Traditional boats. In search of a forgotten heritage.* Viana do Castelo: Grupo desportivo e cultural dos trabalhadores dos estaleiros navais de Viana do Castelo.

Maia, C. de Azevedo (1977): *Os falares fronteiriços do concelho de Sabugal e da vizinha região de Xalma e Alamedilla*. Suplemento IV da *Revista de Filologia Portuguesa*. Coimbra.

Méndez Ferrín, X[osé] L[uís] (1992). "Limiar", en García Crego, Xosé M. (ed.): *Comunicacións. I Congreso da Lingua e a Cultura Galegas en Asturias, León e Zamora [Celanova 21-22 decembro 1989]*. Vigo: Clube Cultural Adiante, 5-6.

Meyer-Lübke, Wilhelm (1935): *Romanisches Etymologisches Wörterbuch*. Heidelberg: Carl Winters.

Neira, Jesús e Mª Rosario Piñeiro (1989): *Diccionario de los bables de Asturias.* Oviedo: IDEA.

Netto, Mª Teresa de M. Lino (1949): *A linguagem dos pescadores e lavradores do concelho de Vila do Conde*. Coimbra: Casa do Castelo.

Otero, Aníbal (1977): *Vocabulario de San Jorge de Piquín*. Anexo 8 de *Verba*. Santiago de Compostela: USC.

Pena, Xosé Ramón (1996): *Manuel Antonio e a vangarda*. Sotelo Blanco: Santiago de Compostela.

RAG (1997) = García, Constantino e Manuel González González (dirs.):*Diccionario da Real Academia Galega*. A Coruña / Vigo: Real Academia Galega / Xerais / Galaxia.

Raynouard, François (1836-45): *Lexique roman ou Dictionnaire de la langue des troubadours comparée avec les autres langues de l'Europe latine.* Heidelberg: Carl Winters.

Ríos Panisse, Mª C. (1977): *Nomenclatura de la flora y fauna marítimas de Galicia. I Invertebrados y peces. Con anotaciones etimológicas de Antonio Santamarina* . Anejo 7 de *Verba*. Santiago de Compostela: USC.

Santamarina, Antón (ed.) (2001): *Diccionario de diccionarios.* Biblioteca Filolóxica Galega. Instituto da Lingua Galega. A Coruña: Fundación "Pedro Barrié de la Maza, Conde de Fenosa".

Santos, Mª José de Moura (1967): *Os falares fronteiriços de Trás-os-Montes*. Coimbra: *RPF*.

Suárez Fernández, Xosé Miguel (1996): *Vocabulario de Mántaras (Tapia). Aportacióis al léxico del galego-asturiano*. A Caridá: Xeira.

Vitorino, Gabriela (1987): *Atlas Lingüístico do litoral português. Fauna e flora (mapas e notas)*. Lisboa: Centro de Lingüística da Universidade de Lisboa / INIC.

VOLGa [1989] = Manuel González e Antón Santamarina (coords.): *Vocabulario ortográfico da lingua galega*. Instituto da Lingua Galega / Real Academia Galega.

Xerais (1993) = Ares Vázquez, Mª Carme *et alii*: *Diccionario Xerais da Lingua*. Vigo: Xerais.

Xerais (2000) = Carballeira Anllo, Xosé Mª (coord.):*Gran Diccionario Xerais da Lingua*. Vigo: Xerais.